

9802 LEI 11/1998, do 24 de abril, Xeral de Telecomunicacións. («BOE» 99, de 25-4-1998.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a presente viren e a entenderen
Que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a
seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector das telecomunicacións foi considerado historicamente un dos exemplos clásicos do denominado «monopolio natural». Esta consideración sufriu a primeira quebra no ámbito comunitario, como consecuencia da publicación, en 1987, do «Libro verde sobre el desarrollo del Mercado Común de los Servicios y Equipos de telecomunicaciones». Neste libro verde propúñase unha ruptura parcial de tal monopolio e unha separación entre os servizos de telecomunicacións que, ata daquela, se ofrecían, todos eles, asociados entre si, ó servizo telefónico e á súa rede. Esta separación permitiu comezar a distinguir entre redes e servizos básicos e outras redes, equipamentos e servizos. Dentro desta segunda categoría, podería, nalgúns casos, actuarse en réxime de libre concorrencia. Establecía o libro verde, así mesmo, unha serie de principios e criterios para a liberalización dos servizos de telecomunicacións nos países da Unión Europea en anos sucesivos.

En paralelo co libro verde e de acordo cos principios recollidos nel, aprobouse en España, no mesmo ano, a Lei 31/1987, do 18 de decembro, de Ordenación das Telecomunicacións, que, como o seu propio preámbulo sinala, supón o primeiro marco xurídico básico de rango legal aplicable ó sector das telecomunicacións e o inicio do proceso liberalizador no noso país.

O carácter dinámico das telecomunicacións, a evolución do proceso liberalizador, tanto no seo da Organización Mundial do Comercio coma no ámbito da Unión Europea, e a eliminación progresiva dos vestixios do monopolio natural fixeron que, nun curto período de tempo, a Lei española de 1987 quedase desfasada e fose necesario reformala en profundidade. Así, leváronse a cabo sucesivas adaptacións da Lei, ben por medio de modificacións expresas desta, a través das alteracións producidas pola Lei 32/1992, do 3 de decembro, ou pola Lei 12/1997, do 24 de abril, de Liberalización das Telecomunicacións, ou ben como consecuencia da aprobación de leis sectoriais que estableceron un réxime xurídico distinto para determinados ámbitos concretos, como a Lei 37/1995, do 12 de decembro, de Telecomunicacións por Satélite, ou a Lei 42/1995, do 22 de decembro, de Telecomunicacións por Cable.

A conclusión, no seo da Unión Europea, das deliberacións sobre os principios básicos que hai que aplicar na liberalización do sector e sobre o calendario do proceso liberalizador e a firme vontade do Goberno español de axilizar este, esixen a aprobación da Lei Xeral de telecomunicacións que substitúe a de Ordenación das Telecomunicacións de 1987 e establece un marco xurídico único.

A rúbrica da Lei, Lei Xeral de Telecomunicacións, xa anuncia que, principalmente, o regulado nela é un ámbito liberalizado, diminuíndo o control administrativo que sobre el existía. Non obstante, unha das finalidades esenciais que a Lei persegue é garantir, a todos, un servizo básico a prezo asequible, o denominado servizo universal.

O texto da Lei incorpora os criterios establecidos nas disposicións comunitarias, vixentes ou en proxecto, principalmente os contidos: na Directiva 90/387/CEE, do Consello, do 28 de xuño de 1990, relativa ó establecemento do mercado interior dos servizos de telecomunicacións, mediante a realización da oferta dunha rede aberta de telecomunicacións; na Directiva 97/51/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 6 de outubro de 1997, pola que se modifica a inicialmente citada e a 92/44/CEE para a súa adaptación a un contorno competitivo no sector das telecomunicacións; na Directiva 92/44/CEE, do Consello, do 5 de xuño de 1992, relativa á aplicación da oferta de rede aberta ás liñas alugadas; na Directiva 95/62/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de decembro de 1995, relativa á aplicación da oferta de rede aberta (ONP) á telefonía vocal, a modificación da cal prevé a proposta de Directiva do Parlamento Europeo e do Consello sobre a aplicación dunha rede aberta (ONP) á telefonía vocal e sobre o servizo universal nas telecomunicacións nun contorno competitivo; na Directiva 96/19/CE, da Comisión, do 13 de marzo de 1996, pola que se modifica a Directiva 90/388/CEE no relativo á instauración da plena competencia nos mercados de telecomunicacións; na Directiva 97/13/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 10 de abril de 1997, relativa a un marco común en materia de autorizacións xerais e de licencias individuais no ámbito dos servizos de telecomunicacións; na Directiva 97/33/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de xuño de 1997, relativa á interconexión nas redes de telecomunicacións, para garantirlo servizo universal e a interoperabilidade, mediante a aplicación dos principios da oferta de rede aberta (ONP) e na Directiva 97/66/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de decembro de 1997, relativa ó tratamento dos datos persoais e á protección da intimidade.

Da análise do contido da Lei resulta o seguinte:

1.º Persegue promove-la plena competencia mediante a aplicación dos principios de non-discriminación e de transparencia na prestación da totalidade dos servizos (Título I). Ó mesmo tempo, establécense mecanismos de salvagarda que garantan o funcionamento correcto e sen distorsións da competencia e o outorgamento á Administración de facultades suficientes para garantir que a libre competencia non se produza en detrimento do dereito dos cidadáns ó acceso ós servizos básicos, permitíndolle a aquela actuar no sector, co fin de facilita-la cohesión social e a territorial.

2.º Outra novidade importante é o establecemento dun sistema de autorizacións xerais e de licencias individuais para a prestación dos servizos e a instalación ou explotación de redes de telecomunicacións (Título II), polo que se adapta o esquema tradicional no noso Dereito, de concesións e de autorizacións administrativas, ó réxime para o outorgamento de títulos habilitantes, imposto polas Directivas Comunitarias. Tamén se regula a interconexión das redes, coa finalidade fundamental de garantir-la comunicación entre os usuarios, en condicións de igualdade e consonte o principio de leal competencia entre tódolos operadores de telecomunicacións.

3.º Regúlanse, no Título III, as obrigas de servizo público, que se lles impoñen ós explotadores de redes públicas e prestadores de servizos de telecomunicacións dispoñibles para o público, garantindo así a protección do interese xeral nun mercado liberalizado. Estas obrigas inclúen a esixencia da utilización compartida das infraestructuras, para reducir ó mínimo o impacto urbanístico ou medioambiental derivado do establecemento incontrolado de redes de telecomunicacións. Destaca neste Título, particularmente, a regulación do denominado servizo universal de telecomunicacións, o acceso ó cal

se lles garante a tódolos cidadáns. A lei recolle o contido mínimo do servizo universal, pero prevé a súa ampliación e adaptación futura, por vía regulamentaria, en función do desenvolvemento tecnolóxico. Ademais, inclúense neste Título disposicións relativas ó segredo das comunicacións, a protección dos datos persoais e o cifrado, dirixidas, todas elas, a garantir tecnicamente os dereitos fundamentais constitucionalmente recoñecidos.

4.º Tamén se adapta á normativa comunitaria o réxime de certificación de aparellos de telecomunicacións (Título IV) e o réxime de xestión do dominio público radioeléctrico (Título V).

5.º No título VI regúlase o sistema de distribución de competencias entre os distintos entes e órganos da Administración Xeral do Estado. En particular, ponse especial atención en dotar dunhas competencias básicas no ámbito das telecomunicacións a Comisión do Mercado das Telecomunicacións, permitindo a esta contar co apoio do persoal preciso e cos medios económicos adecuados.

6.º Por outro lado, unifícase o réxime de taxas e canons aplicables ós servizos de telecomunicacións, no Título VII.

7.º O título VIII revisa e actualiza o sistema de infraccións e sancións, harmonizándoo coa nova distribución de competencias entre as autoridades administrativas e respectando o principio da necesaria tipificación, en sede legal, das conductas ilícitas.

8.º Por último, é importante destacar que co cambio profundo de filosofía que sobre a regulación do sector das telecomunicacións se recolle nesta Lei, preténdense implantar, de forma gradual, os mecanismos propios dun réxime plenamente liberalizado. Así, respectando rigorosamente os prazos fixados pola normativa comunitaria, establécese un réxime de transición ó novo sistema para os títulos outorgados ó abeiro da normativa ata agora vixente, que habiliten para a prestación de servizos ou para a explotación de redes.

Cerran a Lei once disposicións adicionais, once transitorias, unha derogatoria e catro derradeiras, nas que, entre outros extremos, se regulan a radiodifusión e a televisión e se establece un cadro de normas derogadas, e un anexo no que se definen determinados conceptos empregados no articulado.

TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto da Lei.*

O obxecto desta Lei é a regulación das Telecomunicacións, en exercicio da competencia exclusiva que lle corresponde ó Estado, de acordo co artigo 149.1.21.ª da Constitución.

Sen prexuízo do establecido na disposición derradeira primeira, exclúese do ámbito desta Lei o réxime básico de radio e televisión que se rexerá polas disposicións vixentes sobre a materia, dictadas ó abeiro do artigo 149.1.27.ª da Constitución. Emporiso, as infraestruturas de rede que se utilicen como soporte dos servizos de radiodifusión sonora e de televisión estarán suxeitas ó establecido nesta Lei e, en especial, ó disposto sobre interconexión e acceso, respecto á provisión de redes abertas, no capítulo IV do Título II.

Artigo 2. *As telecomunicacións como servizos de interese xeral.*

As telecomunicacións son servizos de interese xeral que se prestan en réxime de competencia. Só teñen

a consideración de servizo público ou están sometidos a obrigas de servizo público os servizos regulados no artigo 5 e no Título III desta Lei.

Artigo 3. *Obxectivos da Lei.*

Os obxectivos desta Lei son os seguintes:

a) Promover, adoptando as medidas oportunas, as condicións de competencia entre os operadores de servizos, con respecto ó principio de igualdade de oportunidades, mediante a supresión dos dereitos exclusivos ou especiais.

b) Garanti-lo cumprimento das referidas condicións.

c) Determina-las obrigas de servizo público, na prestación dos servizos de telecomunicacións, en especial as de servizo universal, e garanti-lo seu cumprimento.

d) Promove-lo desenvolvemento e a utilización dos novos servizos, redes e tecnoloxías cando estean dispoñibles e o acceso a estes, en condicións de igualdade, de cidadáns e entidades e impulsa-la cohesión territorial, económica e social.

e) Facer posible o uso eficaz dos recursos limitados de telecomunicacións, como a numeración e o espectro radioeléctrico, así como a adecuada protección deste último.

f) Defende-los intereses dos usuarios, asegurando o seu dereito ó acceso ós servizos de telecomunicacións, en adecuadas condicións de calidade, e salvagardar, na prestación destes, a vixencia dos imperativos constitucionais, en particular, o do respecto ós dereitos ó honor, á intimidade e ó segredo nas comunicacións e o da protección á xuventude e á infancia. Para estes efectos, poderán impoñerse obrigas ós prestadores dos servizos para a garantía destes dereitos.

Artigo 4. *Plans e recomendacións.*

Na regulación da prestación dos distintos servizos de telecomunicacións, teranse en conta os plans e recomendacións aprobados no seo dos organismos internacionais, en virtude dos convenios e tratados nos que o Estado español sexa parte.

Artigo 5. *Servizos de telecomunicacións para a defensa nacional e a protección civil.*

1. As redes, servizos, instalacións e equipos de telecomunicacións que desenvolvan actividades esenciais para a defensa nacional integran os medios destinados a ela, resérvanse ó Estado e réxense pola súa normativa específica.

2. O Ministerio de Fomento é o órgano da Administración civil do Estado con competencia, de conformidade coa lexislación específica sobre a materia e o establecido nesta Lei, para desenvolver, na medida en que o afecte, a política de defensa nacional no sector das telecomunicacións, coa debida coordinación co Ministerio de Defensa e seguindo os criterios fixados por este.

No marco das funcións relacionadas coa defensa civil, correspóndelle ó Ministerio de Fomento estudar, planear, programar, propoñer e executar cantas medidas se relacionen coa súa achega á defensa nacional no ámbito das telecomunicacións.

Para tales efectos, os Ministerios de Defensa e de Fomento coordinarán a planificación do sistema de telecomunicacións das Forzas Armadas, co fin de aseguraren, na medida do posible, a súa compatibilidade cos servizos civís. Así mesmo, elaborarán os programas de coordinación tecnolóxica precisos que faciliten a harmonización, homologación e utilización, conxunta ou indistinta, dos medios, sistemas e redes civís e militares

no ámbito das telecomunicacións. Para o estudo e informe destas materias, constituiranse os organismos interministeriais que se consideren adecuados, coa composición e competencia que se determinen regulamentariamente.

3. Nos ámbitos da seguridade pública e da protección civil, na súa específica relación co uso das telecomunicacións, o Ministerio de Fomento cooperará co Ministerio do Interior e cos órganos responsables das Comunidades Autónomas con competencias sobre as citadas materias, cando estas o soliciten.

4. Os bens mobles ou inmobles vinculados ós centros, establecementos e dependencias afectos á explotación das redes e á prestación dos servicios de telecomunicacións, disporán das medidas e sistemas de seguridade, vixilancia, difusión de información, prevención de riscos e protección que determine o Goberno, por proposta dos Ministerios de Defensa, do Interior ou de Fomento, dentro do ámbito das súas respectivas competencias. Estas medidas e sistemas deberán estar dispoñibles nas situacións de normalidade ou nas de crise, así como nos supostos recollidos na Lei Orgánica 4/1981, do 1 de xuño, Reguladora dos Estados de Alarma, Excepción e Sitio, e na Lei 2/1985, do 21 de xaneiro, de Protección Civil.

5. O Goberno, con carácter excepcional e transitorio, poderá acorda-la asunción pola Administración Xeral do Estado, da xestión directa de determinados servicios ou da explotación de certas redes de telecomunicacións, de acordo coa Lei 13/1995, do 18 de maio, de Contratos das Administracións Públicas, para garantir a seguridade pública e a defensa nacional. Así mesmo, no caso de incumprimento das obrigas de servizo público ás que se refire o Título III desta Lei, o Goberno, logo de informe preceptivo da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, e, igualmente, con carácter excepcional e transitorio, poderá acorda-la asunción pola Administración Xeral do Estado da xestión directa dos correspondentes servicios ou da explotación das correspondentes redes. Neste último caso poderá, coas mesmas condicións, intervi-la prestación dos servicios de telecomunicacións.

Os acordos de asunción da xestión directa do servizo e de intervención deste, ou os de intervir ou explotalas redes a que se refire o parágrafo anterior, serán adoptados polo Goberno por propia iniciativa ou por instancia dunha Administración pública territorial. Neste último caso, será preciso que a Administración pública territorial teña competencias en materia de seguridade ou para a prestación dos servicios públicos afectados polo mal funcionamento do servizo ou da rede de telecomunicacións. No suposto de que o procedemento se inicie por instancia dunha Administración distinta da do Estado, aquela terá a consideración de interesada nel e poderá emitir informe con carácter previo á resolución final.

TÍTULO II

A prestación de servicios e o establecemento e explotación de redes de telecomunicacións en réxime de libre competencia

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 6. *Principios aplicables.*

A prestación de servicios e o establecemento ou explotación de redes de telecomunicacións poderá realizarse ben mediante autoprestación ou ben a través da súa oferta a terceiros, en réxime de libre concorrencia. Neste último caso, actuarase consonte os principios de obxectividade e non-discriminación, garantindo, de acor-

do co disposto no Título III desta Lei, a satisfacción das obrigas de servizo público de telecomunicacións, especialmente, as de servizo universal.

Artigo 7. *Títulos habilitantes e supostos nos que non é preceptiva a súa obtención.*

1. Para a prestación dos servicios e o establecemento ou explotación das redes de telecomunicacións requirirase a obtención previa do correspondente título habilitante que, segundo o tipo de servizo que se pretenda prestar ou da rede que se pretenda instalar ou explotar, consistirá, consonte este Título, nunha autorización xeral ou nunha licenzia individual. Ambos os títulos habilitantes poderán permiti-la prestación de servicios de telecomunicacións nos distintos Estados membros da Unión Europea.

Poderanse outorgar autorizacións xerais e licenzias individuais provisionais para a realización de probas de carácter experimental e para actividades de investigación. A resolución que, se é o caso, autorice a realización das ditas probas e actividades establecerá o prazo para iso. Na falta de resolución expresa, haberá que se ater ó disposto, con carácter xeral, para as autorizacións xerais e as licenzias individuais nos capítulos II e III deste Título.

2. Non obstante o disposto no punto anterior, quedarán excluídos do réxime de autorizacións e licenzias establecido nesta Lei:

a) Os servicios de telecomunicacións e as instalacións de seguridade ou intercomunicación que, sen conexión a redes exteriores e sen utilizaren o dominio público radioelétrico, presten servizo a un inmovible, a unha comunidade de propietarios ou dentro dunha mesma propiedade privada.

b) Os servicios de telecomunicacións establecidos entre predios dun mesmo titular que non utilicen o dominio público radioelétrico.

c) As instalacións ou equipos que utilicen o dominio público radioelétrico, mediante o seu uso común xeral.

3. A prestación de servicios ou a explotación de redes de telecomunicacións en réxime de autoprestación e sen contraprestación económica de terceiros, polas Administracións Públicas ou polos Entes Públicos dependentes delas, para a satisfacción das súas necesidades, non precisará de título habilitante. Cando para a prestación dos servicios citados se utilice o espectro radioelétrico será requisito previo a obtención da correspondente afectación de dominio público, de conformidade co disposto no artigo 63.

Sen prexuízo do sinalado no parágrafo anterior, a prestación ou explotación no mercado, de servicios ou de redes de telecomunicacións polas Administracións Públicas ou polos seus Entes Públicos, directamente ou a través de sociedades con capital no que participen maioritariamente, requirirá a obtención do título habilitante que corresponda, de entre os regulados neste Título. A dita prestación ou explotación deberá ser autorizada pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións, que establecerá as condicións para que se garanta a non-distorsión da libre competencia, e será realizada pola Administración ou por ente habilitado, coa debida separación de contas e consonte os principios de neutralidade, transparencia e non-discriminación.

Artigo 8. *Rexistros Especiais de Titulares de Licenzias Individuais e de Titulares de Autorizacións Xerais.*

1. Créanse, dependentes da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, o Rexistro Especial de Titulares de Licenzias Individuais e o Rexistro Especial de Titulares de Autorizacións Xerais.

Tales rexistros serán de carácter público e a súa regulación farase por Real Decreto. En cada un deles, respectivamente, deberán inscribirse, de oficio ou por instancia do interesado, segundo proceda, os datos relativos ós titulares das licencias individuais ás que se refiren os puntos 1.º e 2.º do artigo 15 para prestación de servicios a terceiros e os relativos ós titulares de autorizacións xerais. En ámbolos Rexistros terán que figurar, tamén, as condicións impostas ós suxeitos habilitados para o exercicio da correspondente actividade e as súas modificacións.

2. En todo caso, a inscrición no Rexistro Especial de Titulares de Autorizacións Xerais será previa e imprescindible para a prestación do servicio correspondente ou para o establecemento ou a explotación da rede de que se trate, sen prexuízo do previsto no parágrafo segundo do artigo 12.

Artigo 9. *Procedemento de portelo único.*

O procedemento de portelo único asegurará a coordinación necesaria cando sexa preciso obter licencias expedidas por máis dunha autoridade nacional habilitada ou por unha distinta daquela ante a que se presente a solicitude. Mediante este procedemento, os interesados en prestaren servicios ou, se é o caso, en estableceren ou explotaren redes de telecomunicacións, en calquera Estado membro da Unión Europea ou doutra Organización Internacional coa que se celebren acordos para tal efecto, poden presenta-la solicitude para obter licencias individuais, ou a notificación precisa para gozar de autorizacións xerais, en calquera dos organismos que, con tal fin, designen tales Estados. Iso poderase levar a cabo con independencia do Estado no ámbito do cal se pretenda presta-lo servicio ou, se é o caso, establecer ou explota-la rede.

Regulamentariamente, regularase o procedemento de portelo único.

CAPÍTULO II

Autorizacións xerais

Artigo 10. *Ámbito.*

Requirirase autorización xeral para a prestación dos servicios e para o establecemento ou explotación das redes de telecomunicacións que non precisen o outorgamento dunha licenza individual, de acordo co establecido no capítulo seguinte.

Artigo 11. *Condicións que se lles poden impoñer ás autorizacións xerais.*

1. As autorizacións xerais outórganse de forma regrada e automática, logo de que o interesado asuma as condicións que se establezan mediante Orde do Ministro de Fomento para cada categoría de redes e servicios e logo de comprobar que cumpre os requisitos que se determinen nela. As condicións indicadas na citada Orde, que se publicará no «Boletín Oficial del Estado», deberán garanti-los seguintes obxectivos:

1.º O cumprimento polo titular autorizado dos requisitos esenciais esixibles para a adecuada prestación do servicio ou a correcta explotación da rede, así como dos demais requisitos técnicos e de calidade que se establezan, para o exercicio da súa actividade.

2.º O comportamento competitivo dos operadores nos mercados de telecomunicacións.

3.º A utilización efectiva e eficaz da capacidade numérica.

4.º A protección dos usuarios.

5.º O encamiñamento das chamadas ós servicios de emerxencia.

6.º O acceso ós servicios de telecomunicacións por parte de persoas discapacitadas ou con necesidades especiais.

7.º A interconexión das redes e a interoperabilidade dos servicios.

8.º A protección dos intereses da defensa nacional e da seguridade pública.

Estes obxectivos só serán esixibles na medida en que a súa consecución se poida producir a través da rede ou do servicio de que se trate.

2. Igualmente, no réxime aplicable ás autorizacións xerais, poderase incluí-la determinación das condicións impostas ós seus titulares, relativas á subministración da información que sexa precisa para comprobalo cumprimento por eles das obrigas que se lles impoñan, satisfacer necesidades estatísticas, facilita-los datos para a confección da guía unificada para cada ámbito territorial e atende-los requirimentos que veñan impostos pola normativa aplicable.

Consonte os principios de obxectividade e de proporcionalidade, o Ministro de Fomento poderá modifica-las condicións impostas ós titulares de autorizacións xerais na Orde Ministerial a que se refire o punto 1 deste artigo, para a explotación dunha determinada categoría de redes ou a prestación de determinados servicios, logo de audiencia dos interesados e de informe da Comisión do Mercado das Telecomunicacións. A modificación realizarase mediante Orde Ministerial que establecerá un prazo para que os explotadores de redes ou os prestadores de servicios que actúen habilitados polas autorizacións xerais se adapten ó disposto nela. Transcorrido ese prazo sen que tivese lugar a adaptación, as citadas autorizacións quedarán sen efecto, e o seu titular non terá dereito a indemnización.

Artigo 12. *Procedemento para a obtención das autorizacións xerais.*

Os interesados en prestaren un determinado servicio ou, se é o caso, en estableceren ou explotaren unha determinada rede de telecomunicacións, deberán notificarlo á Comisión do Mercado das Telecomunicacións con sometemento ás condicións impostas na Orde á que se refire o artigo anterior. Deberán achegar, así mesmo, toda a información necesaria sobre a prestación do servicio ou sobre a explotación ou o establecemento da rede.

Os datos relativos ó titular da autorización xeral faranse constar no Rexistro Especial a que se refire o artigo 8. En todo caso, non se poderá comeza-la prestación do servicio ou as actividades conducentes ó establecemento ou á explotación da rede ata o momento en que se practicase de oficio a correspondente inscrición, no prazo de vintecatro días desde a recepción da notificación. Non obstante, na falta de inscrición rexistral no prazo sinalado, o interesado poderá comeza-la prestación do servicio ou as actividades dirixidas ó establecemento ou á explotación da rede. O certificado de inscrición rexistral acreditará a existencia da autorización.

Artigo 13. *Incumprimento das condicións impostas ós beneficiarios das autorizacións xerais.*

Cando o beneficiario dunha autorización xeral incumpra de forma moi grave algunha das condicións impostas para o seu outorgamento na Orde á que se refire o artigo 11, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións cancelará a inscrición rexistral, logo de tramitado o correspondente expediente de revogación do título.

Para os efectos do disposto no parágrafo anterior, entenderanse como incumprimentos moi graves, ademais dos previstos no artigo 79, os que prexudiquen os intereses xerais ou as necesidades da defensa nacional, os que supoñan un dano ou un prexuízo para terceiros ou os que lesionen os dereitos fundamentais ou liberdades públicas recollidos na Constitución.

A revogación da autorización determinará, para quen sexa o seu titular, a prohibición de presta-lo servicio correspondente ou de establecer ou explota-lo mesmo tipo de rede co que viñese realizando a súa actividade. Tamén levará implícita a imposibilidade de obter, no prazo dun ano desde que se produza, unha nova autorización para a prestación do mesmo tipo de servicio ou para a instalación ou explotación do mesmo tipo de rede.

Artigo 14. Condicións para a prestación de novos servizos.

Cando aínda non se regulase a prestación dun novo servicio ou o establecemento ou a explotación dun determinado tipo de rede de telecomunicacións mediante a aprobación da correspondente Orde Ministerial e de acordo co sinalado no artigo 11, o Ministerio de Fomento, unha vez recibida a solicitude ou recibidas as solicitudes dos interesados para levaren a cabo a actividade, establecerá as condicións provisionais que o permitan e outorgará ou denegará, motivadamente, o solicitado, no prazo de trinta e seis días desde que teñan entrada aquelas en calquera dos rexistros do órgano correspondente do referido Ministerio. De non haber resolución expresa, a solicitude deberá entenderse estimada.

O Ministerio de Fomento procederá a determina-las condicións definitivas ás que deberán axustarse os titulares das autorizacións xerais para a prestación, o establecemento ou a explotación dos referidos servizos ou redes. En canto ó réxime do outorgamento da autorización e as condicións esixibles ós seus titulares, será de aplicación, en todo caso, o disposto nos artigos 11 e 12.

CAPÍTULO III

Licencias individuais

Artigo 15. *Ámbito.*

Requirirase licenza individual:

1.º Para o establecemento ou explotación de redes públicas de telecomunicacións.

2.º Para a prestación do servicio telefónico dispoñible ó público.

3.º Para a prestación de servizos ou o establecemento ou explotación de redes de telecomunicacións que impliquen o uso do dominio público radioeléctrico, de acordo co disposto no Título V.

Así mesmo, o Goberno, mediante Real Decreto e de conformidade coa normativa comunitaria, poderá establecer outras actividades para a realización das cales poida esixirse licenza individual por necesidades de asignación de recursos limitados, por resultar preciso o outorgamento ó operador de dereitos de servidume ou o recoñecemento a el do dereito a ser beneficiario da expropiación forzosa de bens de titularidade pública ou privada ou por impoñérselle as obrigas de servicio público ás que se refire o Título III desta Lei.

Artigo 16. Condicións que se lles poden impoñer ós titulares das licencias individuais.

As licencias individuais outorgaranse de forma regrada, logo de o solicitante acredita-lo cumprimento dos

requisitos esixibles para a súa concesión e de asumilas condicións xerais establecidas mediante a correspondente Orde do ministro de Fomento, que se publicará no «Boletín Oficial del Estado». As ditas condicións poderán estar dirixidas a garantir, ademais dos obxectivos sinalados no artigo 11 para as que se impoñan ós titulares de autorizacións xerais, os relativos a:

1.º O cumprimento dos plans nacionais de numeración.

2.º O uso efectivo e a xestión eficaz do espectro radioeléctrico, nos termos do título V. Poderanse tomar en consideración, entre outros factores, a innovación que supoñan os servizos para os que se solicite licenza ou a vantaxe económica que se ofrezca.

3.º A observancia dos requisitos específicos establecidos en materia de protección do medio ambiente, de ordenación do territorio e de urbanismo, incluídas, se é o caso, as condicións para a ocupación de bens de titularidade pública ou privada e para o uso compartido das infraestructuras.

4.º O respecto ás normas sobre servicio público, de acordo co disposto no Título III desta Lei.

5.º O cumprimento das condicións aplicables ós operadores que teñan unha presenza significativa no mercado.

6.º O establecemento das características, da zona de cobertura e do calendario de implantación do servicio, así como as modalidades de acceso a el, especialmente, por medio de terminais de uso público.

7.º A confidencialidade das informacións transmitidas.

8.º A subministración de circuítos susceptibles de seren alugados.

9.º Os dereitos e obrigas en materia de interconexión e acceso, de acordo co disposto no capítulo IV deste Título.

10. O respecto ás medidas adoptadas por razóns de interese público.

11. O cumprimento, se é o caso, das obrigas contidas nos pregos de bases que rexan a licitación para o outorgamento de licencias para a prestación de determinados servizos ou o establecemento ou explotación de redes de telecomunicacións.

O Ministerio de Fomento poderá modificar, logo de audiencia dos interesados e de informe da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, as condicións impostas para o outorgamento das licencias esixibles para a prestación dunha determinada categoría de servizos ou o establecemento ou explotación dun determinado tipo de redes, na Orde Ministerial á que se refire este artigo. A modificación realizarase mediante Orde Ministerial pola que se establecerá un prazo para a adaptación á nova normativa dos titulares das licencias outorgadas antes da súa entrada en vigor, de tal forma que se lles permita realizar, ininterrompidamente, as súas actividades. Transcorrido ese prazo sen que tiver lugar a adaptación, as referidas licencias quedarán sen efecto, e o seu titular non terá dereito a indemnización.

Artigo 17. *Requisitos esixibles ós titulares de licencias individuais.*

1. Poderán ser titulares de licencias individuais as persoas físicas ou xurídicas nacionais dun Estado membro da Unión Europea, ou con outra nacionalidade, cando así estea previsto nos acordos internacionais nos que sexa parte o Estado español. Se a titular da licenza fose unha sociedade ou outra persoa xurídica, a participación no seu capital ou, se é o caso, no seu patrimonio, de persoas físicas de nacionalidade non comunitaria ou de persoas xurídicas domiciliadas fóra da Unión Europea, non poderá supera-lo 25 por 100, agás que iso resulte

permitido polos acordos internacionais celebrados polo Estado Español ou se autorice en aplicación do principio de reciprocidade. O Goberno poderá autorizar investimentos superiores ó indicado. Así mesmo, con carácter xeral e a petición das sociedades ou outras persoas xurídicas, titulares de licencias individuais, o Goberno poderá aprobar unha participación estranxeira no seu capital social, ou, se é o caso, no seu patrimonio, que exceda do 25 por 100, e co límite que para o efecto se estableza.

Para as sociedades ou outras persoas xurídicas, habilitadas para a prestación de servizos de telecomunicacións a petición dos cales requira a utilización do dominio público radioeléctrico, haberá que aterse, en canto á participación estranxeira no seu capital ou, se é o caso, no seu patrimonio, ó que se dispoña na normativa específica.

En todo caso, as persoas físicas ou xurídicas estranxeiras titulares de licencias individuais deberán ter un representante legal en España.

2. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións emitirá informe preceptivamente, nos procedementos iniciados para a autorización das operacións de concentración de empresas ou de toma de control dunha ou varias empresas do sector das telecomunicacións, cando as mesmas teñan que ser sometidas ó Goberno para a súa decisión, de acordo coa lexislación vixente en materia de defensa da competencia.

Artigo 18. *Procedemento de outorgamento de licencias individuais.*

1. Os interesados en prestaren un servizo ou en estableceren ou explotaren unha rede de telecomunicacións presentarán as súas solicitudes coa documentación esixible de acordo co disposto neste artigo, dirixidas ó Ministerio de Fomento ou á Comisión do Mercado das Telecomunicacións, segundo sexa competente aquel ou esta para o outorgamento do correspondente título habilitante, de acordo co establecido na Lei 12/1997, do 24 de abril, de Liberalización das Telecomunicacións. Canda a solicitude, deberán achegar toda a información necesaria sobre a rede ou o servizo de que se trate. En caso o Ministerio de Fomento recibir unha solicitude para a resolución da cal sexa competente a Comisión do Mercado das Telecomunicacións, remitírala a esta. O mesmo fará a Comisión do Mercado das Telecomunicacións de recibir unha solicitude que lle competa resolver ó Ministerio de Fomento.

O solicitante deberá acreditar a solvencia técnica e económica suficiente nos termos fixados na Orde Ministerial á que se refire o artigo 16, para lles facer fronte ás obrigas resultantes da prestación do servizo ou do establecemento ou explotación da rede.

2. As solicitudes deberán conter os datos sinalados no artigo 70.1 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e a asunción formal polo solicitante do cumprimento das condicións e do respecto ás garantías establecidas na Orde á que se refire o artigo 16.

3. Recibidas as solicitudes, o Ministerio de Fomento ou, se é o caso, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións resolverán sobre o outorgamento ou denegación das licencias no prazo de trinta e seis días desde que se produza a entrada da correspondente solicitude en calquera dos rexistros do órgano administrativo competente. Este, sen prexuízo do disposto no artigo 21 para os supostos de limitación do número de licencias, poderá ampliarse xustificadamente, sempre que o prazo total non supere os catro meses. Os prazos citados poderán prorrogarse cando sexa precisa unha coordinación internacional de frecuencias polo tempo necesario para acadala. Se non hai resolución expresa no prazo que, en cada caso, resulte de aplicación, deberá entenderse desestimada a solicitude.

4. Dentro do prazo para resolver, o Ministerio de Fomento ou, se é o caso, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións dictarán unha resolución motivada da que lle outorgará ou denegará ó interesado a licenza solicitada. En función do tipo de servizo para o que se solicitase licenza dos seus destinatarios, do ámbito de cobertura no que se preste ou doutra circunstancia que se determine regulamentariamente, esa resolución fixará, ademais das condicións xerais aplicables ó titular de calquera licenza, as específicas que lle sexan esixibles en función das particularidades do título outorgado. Respetarase, en todo caso, o principio de proporcionalidade.

As licencias individuais que lle impoñan ó seu titular obrigas de servizo público ou que impliquen o uso do dominio público radioeléctrico, outorgaranse polo período que se estableza na Orde ministerial á que se refire o artigo 16 e que, en ningún caso, poderá ser superior a trinta anos, prazo que será prorrogable por períodos sucesivos de ata dez anos cada un. Nos demais casos, haberá que aterse ó prazo que se estableza na orde ministerial que regule as condicións xerais esixibles ós titulares de cada categoría de licencias individuais.

5. O Ministerio de Fomento ou, se é o caso, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións poderán modificar as condicións impostas ós seus titulares na resolución de outorgamento de cada licenza individual, cando haxa unha xustificación obxectiva para iso e respectando o principio de proporcionalidade. As ditas modificacións especificaranse en resolución motivada e estarán xustificadas por razóns de interese xeral.

Artigo 19. *Denegación, revogación, extinción e transmisión de licencias individuais.*

1. O Ministerio de Fomento ou a Comisión do Mercado das Telecomunicacións, en exercicio das súas respectivas competencias, poderán denegar-lo outorgamento dunha licenza individual, nos seguintes casos:

a) Se o interesado non facilita a información relativa ó cumprimento das condicións que lle resulten aplicables.

b) No suposto de que, de acordo co establecido nos artigos 20 e 21, o número de licencias sexa limitado e quen solicite unha non resulte adxudicatario do título na correspondente licitación.

c) Sempre que o interesado non demostre o cumprimento dos requisitos que lle sexan de aplicación, de acordo con esta Lei e a Orde Ministerial que regule o servizo concreto.

Contra a resolución denegatoria da licenza, o interesado poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo.

2. Sen prexuízo do previsto no segundo parágrafo da letra A) do punto 1.º do artigo 82, respecto da revogación do título habilitante por comete-lo seu titular dunha infracción moi grave, o Ministerio de Fomento ou, se é o caso, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán deixar sen efecto as licencias individuais, logo de tramitación do correspondente expediente de acordo co procedemento establecido na Lei de Contratos das Administracións Públicas, para a resolución dos Contratos de xestión de servizos públicos. A licenza individual poderá deixarse sen efecto, cando o seu titular non cumpra algunha das condicións impostas na Orde ministerial á que se refire o artigo 16 ou na resolución de outorgamento do título.

En calquera caso, cando se produzan interferencias que prexudiquen a adecuada prestación dos servizos ou a eficiente explotación dunha rede de telecomunicacións, orixinadas por un uso inadecuado ou ineficiente

de determinadas instalacións ou doutros servizos ou redes, sexan ou non radioeléctricos, poderán adoptarse medidas inmediatas para as evitar.

3. A Orde ministerial á que se refire o artigo 16 desta Lei ou o prego de bases ó que alude o artigo 21 establecerán as demais causas polas que poderán deixarse sen efecto e extinguirse as licencias individuais. Na falta de previsión expresa respecto delas, haberá que se ater ó disposto na lexislación de contratos das Administracións Públicas en relación coa resolución do contrato de xestión de servizos públicos e a súa extinción.

4. En calquera caso, á transmisión de licencias aplícaráselle o previsto na lexislación de contratos das Administracións Públicas, en relación co contrato de xestión de servizos públicos.

Artigo 20. *Limitación do número de licencias individuais.*

1. Cando sexa preciso para garanti-lo uso eficaz do espectro radioeléctrico, o Ministerio de Fomento poderá limita-lo número de licencias individuais que se outorguen para a prestación de calquera categoría de servizos e para o establecemento ou explotación de redes de telecomunicacións.

En tales casos, na Orde do Ministro de Fomento á que se refire o artigo 16 desta Lei, indícarase a limitación do número de licencias individuais e as razóns polas que se establece aquela. Esta limitación será revisable, total ou parcialmente, polo propio Ministerio, de oficio ou por instancia de parte, na medida en que desaparezan as causas que a motivaron.

2. O Ministerio de Fomento poderá, de oficio ou por instancia de parte interesada, abrir un período de información pública para coñecer-la posible existencia de interesados na prestación do servizo, suspendendo, se é o caso, o outorgamento de novas licencias. Tal período de información pública iniciarase cun anuncio publicado no «Boletín Oficial del Estado» e nun diario de difusión nacional, no que se establecerá un prazo para que os interesados na prestación do servizo ou no establecemento ou explotación da rede, presenten as súas solicitudes. O custo dese anuncio será por conta das persoas físicas ou xurídicas que finalmente obteñan a licenza individual.

Unha vez recibidas as solicitudes ás que se refire o parágrafo anterior, o Ministerio de Fomento examinará se todas elas poden atenderse ou non coa capacidade dispoñible de frecuencias. No primeiro caso, outorgarase as licencias, de acordo co procedemento sinalado no artigo 18, unha vez publicada a Orde ministerial á que se refire o artigo 16. No segundo, trala publicación da dita Orde Ministerial, o outorgamento das licencias farase de acordo co procedemento establecido no artigo seguinte.

Artigo 21. *Procedemento para o outorgamento nos supostos de limitación do número de licencias individuais.*

1. Cando polas razóns previstas no artigo anterior, o Ministerio de Fomento limite o número de licencias individuais que se outorguen para instalar ou explotar unha determinada categoría de redes ou prestar determinados servizos de telecomunicacións, tramitarase un procedemento de licitación para o outorgamento dos títulos habilitantes.

Para iso, aprobarase, mediante Orde ministerial, o prego de bases correspondente á categoría dos servizos ou das redes dos que a prestación, instalación ou explotación se suxeita a limitación. Neste caso, o prazo máximo para resolver sobre o outorgamento da licenza será de oito meses desde a convocatoria da licitación. Se

non houber resolución expresa, as solicitudes entenderanse desestimadas.

2. Será de aplicación o disposto na Lei de Contratos das Administracións Públicas respecto das concesións para a xestión de servizos públicos, no relativo á convocatoria da licitación, ó prego de bases que deba aprobarse e á adxudicación, á modificación, á extinción e á formalización dos títulos habilitantes. Sen embargo, non será de aplicación o disposto no artigo 162 desta Lei, agás cando se trate de licencias que leven implícitas, para o seu titular, obrigas de servizo público, de acordo co establecido no Título III.

CAPÍTULO IV

Interconexión e acceso ás redes

Artigo 22. *Principios da interconexión.*

1. Os titulares de redes públicas de telecomunicacións estarán obrigados a facilita-la interconexión destas coas de tódolos operadores do mesmo tipo de redes e servizos telefónicos dispoñibles ó público, que o soliciten.

A Comisión do Mercado das Telecomunicacións poderá limitar esta obriga de interconexión, de forma temporal e caso por caso, cando existan alternativas técnica e comercialmente viables a ela e cando a interconexión pedida non se poida satisfacer por seren insuficientes ou inadecuados os recursos dispoñibles. A resolución da Comisión do Mercado das Telecomunicacións na que se limite a obriga de interconexión deberá ser motivada e publicada, de acordo co disposto na normativa que resulte de aplicación á actuación daquela.

2. Os acordos de interconexión celebraranse libremente entre as partes. O Goberno, no regulamento ó que fai referencia o punto 6 deste artigo, poderá, con carácter previo á interconexión, establece-las condicións mínimas que lle sexan aplicables, en particular as relativas ás esixencias para o mantemento dos requisitos esenciais para a prestación do servizo ou para a instalación ou explotación da rede, ás que se refire o anexo desta Lei. Estas condicións terán que se incluír nos acordos que celebren os operadores.

Excepcionalmente, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións poderalles dictar instrucións ás partes que celebren un acordo de interconexión, instándooas a que o modifiquen, cando o seu contido puidese amparar prácticas contrarias á competencia ou resulte preciso para garanti-la interoperabilidade dos servizos.

3. Do mesmo modo, cando os titulares das redes indicados no punto 1 deste artigo non as interconectasen, e se esgotasen as posibilidades de acordo ó respecto, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións poderá esixir que se faga efectiva a interconexión e, cando proceda, poderá establece-las condicións para ela. A intervención da Comisión, neste caso, deberá se-la estritamente necesaria para poder acadalo obxectivo de protexer os intereses públicos, e realizarase de oficio ou por instancia dos usuarios e logo de audiencia das partes afectadas.

4. Os titulares de redes públicas de telecomunicacións facilitarán a interconexión en condicións non discriminatorias, transparentes, proporcionais e baseadas en criterios obxectivos.

5. A conexión física poderá, se é o caso, ser realizada, nos termos que se establezan regulamentariamente, nos propios locais do titular da rede pública á que se solicite ou ben por liñas de interconexión.

6. O documento en que se formalicen os acordos de interconexión deberalle ser comunicado á Comisión do Mercado das Telecomunicacións, que o porá á disposición doutros interesados, a pedimento destes, agás

naquilo que poida afecta-lo segredo comercial ou industrial e nos termos que se determinen no regulamento ó que se refire o número seguinte deste artigo.

7. O Goberno fixará, por regulamento, as condicións mínimas relativas á interconexión, tendo en conta a normativa comunitaria sobre a oferta de rede aberta. Nese regulamento poderanse establecer as condicións para que a Comisión do Mercado das Telecomunicacións poida eximir das obrigas previstas nos apartados 4 e 6 deste artigo os operadores, en función da súa posición no mercado.

Artigo 23. *Operador dominante.*

1. Para os efectos desta Lei, terán a consideración de operador dominante, no ámbito municipal, autonómico, estatal ou noutro ámbito territorial determinado, o operador ou operadores de redes ou servicios que obtivesen nese ámbito e no ano inmediatamente anterior unha cota de mercado superior ó 25 por 100 dos ingresos brutos globais xerados pola utilización das redes ou pola prestación dos servicios.

Malia o anterior e en atención á capacidade das redes dun mesmo titular, ou á do servicio que este preste, para influír nas condicións do mercado, o seu volume de negocios, o seu control sobre os medios de acceso ós usuarios finais, o seu acceso ós recursos financeiros, a súa experiencia en subministrar produtos e servicios ou calquera outra circunstancia que poida afectar as condicións da competencia, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións, con carácter individualizado e mediante resolución motivada, poderá establecer que non ten posición dominante no mercado aínda que participe nel nunha cota superior ó 25 por 100, no ámbito territorial de referencia. Do mesmo modo e consonte as mesmas condicións, poderá establecer que si ten esa posición dominante o prestador dos servicios ou o titular de rede cunha cota de mercado inferior ó 25 por 100, no ámbito territorial de referencia.

2. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións establecerá e fará pública, anualmente, a relación dos operadores que se consideran dominantes no mercado.

3. No regulamento ó que se refire o artigo 22.7 determinarase qué obrigas das impostas ós operadores dominantes son esixibles ós operadores dos servicios de telefonía móbil.

Artigo 24. *Principios aplicables ó acceso ás redes.*

1. Os titulares de redes públicas de telecomunicacións que teñan a consideración de dominantes deberánlles facilita-lo acceso ás súas redes en condicións obxectivas, transparentes e non-discriminatorias a tódolos usuarios e prestadores de servicios de telecomunicacións que o soliciten.

Ademais, deberán atender as solicitudes tecnicamente viables e debidamente xustificadas, de acceso á rede en puntos distintos ós de terminación de rede ofrecidos á xeneralidade dos usuarios. Para estes efectos, as partes, en función das ditas solicitudes, negociarán o correspondente acordo e, na falta deste, haberase que ater ó disposto no artigo seguinte, en canto á resolución de conflitos pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

2. No regulamento ó que se refire o artigo 22.7 estableceranse os requisitos para o acceso aberto ás redes de telecomunicacións, de acordo coa normativa comunitaria e cos principios recollidos neste capítulo. Así mesmo, en tal regulamento, estableceranse as condicións esixibles para lles permitir accesos especiais ás redes ós grupos cerrados de usuarios. As condicións deberán someterse ós criterios de obxectividade, transparencia e non-discriminación que se fixan no punto ante-

rior e terán que tomar en consideración a importancia da rede e dos servicios propios do grupo cerrado de usuarios e a circunstancia de que este poida estar integrado por unha Administración pública e os seus Entes públicos.

Os elementos que se terán en conta para a valoración dos custos para determinar as condicións dos accesos especiais serán similares ós tomados en consideración para os acordos de interconexión.

Artigo 25. *Resolución de conflictos.*

Dos conflitos relativos á execución e interpretación dos acordos de interconexión e dos producidos polo acceso ás redes públicas de telecomunicacións, coñecerá a Comisión do Mercado das Telecomunicacións. Esta, logo de audiencia das partes, dictará resolución vinculante sobre os extremos obxecto do conflito, no prazo máximo de seis meses a partir do momento en que se pida a súa intervención, sen prexuízo de que poidan adoptarse medidas provisionais ata o momento en que se dicte a resolución definitiva. Contra a resolución adoptada pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións poderase recorrer en vía contencioso-administrativa.

Artigo 26. *Principios aplicables ós prezos de interconexión.*

Os titulares de redes públicas de telecomunicacións que teñan a consideración de operadores dominantes no mercado deberán aterse, na determinación dos prezos de interconexión, ós principios de transparencia e de orientación a custos.

Ademais, deberán xustificar que os prezos de interconexión que ofrezan se orientan ós custos reais, e, así mesmo, deberán desagregar estes de xeito que o petionario da interconexión ás súas redes non sufrague máis do estrictamente relacionado co servicio solicitado. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións poderá solicitarlles ós citados titulares que xustifiquen plenamente os prezos de interconexión que aplican e, cando proceda, dictará resolución motivada para a súa modificación.

O disposto neste artigo será, igualmente, de aplicación ós operadores de servicios móbiles, mesmo cando non teñan a condición de dominantes, de conformidade co disposto no artigo 23, sempre que dispoñan dunha posición no mercado nacional da interconexión equivalente á establecida no punto 1 do dito artigo.

Artigo 27. *Contabilidade de custos.*

A Comisión do Mercado das Telecomunicacións establecerá os criterios e condicións do sistema de contabilidade de custos ó que se terán que axustar los titulares de redes ós que se fai referencia no artigo anterior, en relación cos prezos de interconexión. Tamén fixará o procedemento para que, por solicitude das partes interesadas, os citados criterios sexan coñecidos por estas. Así mesmo, correspóndelle á Comisión do Mercado das Telecomunicacións comprobar que o sistema de contabilidade de custos adoptado polos referidos titulares de redes se adapta ós criterios establecidos por ela e, se é o caso, tamén lle corresponde dictar as instrucións para a súa modificación, preservando a confidencialidade da información que poida afectar-lo segredo industrial ou comercial.

Artigo 28. *Publicidade e transparencia das ofertas de interconexión.*

1. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións garantizará que os titulares de redes públicas que teñan

a consideración de dominantes publiquen unha oferta de interconexión de referencia, nos termos que se determinen no regulamento ó que se refire o artigo 22.7, que deberá estar desagregada por elementos, consonte as necesidades do mercado e as condicións técnicas e económicas que resulten de aplicación, indicando, entre outros extremos, os prezos e os niveis de calidade.

Esa oferta poderá incluí-lo establecemento de diferentes prezos, termos e condicións de interconexión para as distintas categorías de operadores, cando iso poida estar obxectivamente xustificado sobre a base do tipo de interconexión facilitada ou polas condicións derivadas da correspondente licenza. En todo caso, tales diferenzas non poderán provocar distorsións na competencia, nin atentar contra o principio de non-discriminación.

2. As ofertas de interconexión de referencia poderán ser modificadas pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións, mediante resolución motivada.

Artigo 29. *Normas técnicas.*

A Comisión do Mercado das Telecomunicacións velará para que, nos acordos de interconexión, se teñan en conta as normas comunitarias que sexan de aplicación. En defecto destas, fomentará a aplicación das normas, das especificacións ou das recomendacións que aproben os organismos europeos ou, na falta destas, das adoptadas polos organismos internacionais de normalización. En ausencia de todas elas, teranse en conta as normas nacionais.

CAPÍTULO V

Numeración

Artigo 30. *Principios xerais.*

1. Terán dereito a dispor de números e intervalos de numeración tódolos operadores de servizos de telecomunicacións accesibles ó público que o necesiten para permitirla súa efectiva prestación, polo que esta circunstancia se terá en consideración nos plans de numeración.

2. Correspóndelle á Comisión do Mercado das Telecomunicacións exercer a competencia estatal de xestión do espazo público de numeración. Tamén levará a cabo as facultades de administración e control, inherentes á xestión do Espazo Público de Numeración.

3. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións asignará os recursos públicos de numeración na forma que regulamentariamente se determine e en condicións obxectivas, transparentes e non-discriminatorias.

4. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións poderá recadar dos titulares dos recursos públicos de numeración certa información coide necesaria para avaliar a eficiencia dos sistemas de numeración e o adecuado uso dos recursos asignados. Tales titulares estarán obrigados a facilitar esta información nos prazos e na forma que regulamentariamente se establezan. En todo caso, a citada información deberá ser tratada con absoluta confidencialidade, sendo de aplicación, respecto dela, o disposto na normativa vixente sobre o segredo comercial e industrial, e terá que ser empregada unicamente para os fins solicitados.

Artigo 31. *Plans Nacionais de Numeración.*

1. Correspóndelle ó Goberno, mediante Real Decreto e por proposta do ministro de Fomento, aproba-los Plans Nacionais de Numeración, e á Comisión do Mercado das Telecomunicacións, a súa xestión.

Os Plans establecerán, entre outros extremos, os mecanismos de selección do operador de rede. Regulamentariamente, fixaranse as condicións para garantir que, en todo caso, a selección do operador se realiza de acordo co principio de acceso igualitario.

O contido dos citados Plans e o dos actos derivados da súa xestión será público, agás no relativo a materias que poidan afecta-la seguridade nacional.

2. Co fin de cumprir coas obrigas e recomendacións internacionais e para garanti-la dispoñibilidade suficiente de numeración, o Ministro de Fomento, de oficio ou por instancia da Comisión do Mercado das Telecomunicacións e mediante resolución publicada no «Boletín Oficial del Estado», poderá modifica-la estrutura e a organización dos plans nacionais de numeración. Deberanse ter en conta, para tal efecto, os intereses dos afectados e os gastos de adaptación que, de todo iso, se deriven para os operadores de redes, os prestadores de servizos e os usuarios. As modificacións que se pretendan realizar deberán ser publicadas antes da súa entrada en vigor e cunha antelación suficiente.

3. Tódolos operadores de redes, os prestadores de servizos e, se é o caso, os fabricantes e os comerciantes estarán obrigados a toma-las medidas necesarias para o cumprimento das decisións que adopte o Ministerio de Fomento ou a Comisión do Mercado das Telecomunicacións, no ámbito das súas respectivas competencias sobre numeración.

4. Os dereitos de numeración outorgados non terán a consideración de dereitos ou intereses patrimoniais lexítimos, para efectos do previsto no artigo 1 da Lei de Expropiación Forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Artigo 32. *Uso dos recursos públicos de numeración.*

1. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións velará pola boa utilización dos recursos públicos de numeración asignados.

Os recursos públicos de numeración non poderán ser transferidos sen autorización expresa da Comisión do Mercado das Telecomunicacións. O autorizado terá que cumprirlas condicións establecidas pola Comisión para a transmisión.

2. A utilización de recursos públicos de numeración non implica a adquisición de ningún dereito de propiedade industrial ou intelectual.

Artigo 33. *Conservación dos números telefónicos polos abonados.*

Os operadores de redes fixas de telecomunicacións garantirán, nos termos, prazos e condicións que regulamentariamente se determinen, que os abonados poidan conserva-los números que lles fosen asignados, cando, sen modificaren a súa localización física, cambien de operador. Os custos derivados da actualización dos elementos da rede e os dos sistemas necesarios para facer operativa a conservación dos números deberán ser sufragados por cada entidade habilitada, que non terá dereito a recibir ningunha indemnización. Os demais custos ocasionados repartiranse entre os operadores afectados polo cambio e, na falta de acordo entre estes, resolverá a Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

Do mesmo modo, nos termos, prazos e condicións que regulamentariamente se determinen, teráselles que ofrecer ós aboados os diferentes medios de conservación dos diferentes tipos de números, tanto para redes fixas como para redes móbiles de telecomunicacións.

CAPÍTULO VI

Separación de contas

Artigo 34. *Separación de contas e subministración de información financeira.*

1. Os operadores de redes públicas de telecomunicacións e os de servizos de telecomunicacións dispoñibles ó público que teñan a consideración de dominantes terán a obriga de lle presentar anualmente á Comisión do Mercado das Telecomunicacións contas separadas e auditadas referidas ás distintas actividades que realicen.

A Comisión do Mercado das Telecomunicacións poderá solicitar directamente a comparecencia ante os seus órganos, da persoa física ou xurídica que auditase as contas dun operador co fin de que realice as oportunas aclaracións e achegue a información complementaria sobre os seus estados financeiros, a xustificación dos seus prezos de interconexión e a separación das súas contas por actividades e servizos.

En todo caso, deberanse separar, como mínimo, as contas dos servizos telefónicos dispoñibles ó público, as dos servizos de interconexión, incluídos tanto os servizos prestados internamente como a terceiros, as dos servizos de aluguer de circuitos e as de calquera outro que teña a consideración de obrigatorio.

Así mesmo, as empresas públicas ou privadas que, de acordo coa lexislación vixente, posúan dereitos especiais ou exclusivos para a prestación de servizos en calquera sector económico e que empreguen redes públicas ou presten servizos de telecomunicacións, dispoñibles ó público, deberán ter contas separadas e auditadas para as súas actividades de telecomunicacións.

Regulamentariamente, estableceranse os termos, o alcance e as condicións da separación de contas e o volume de negocios anual que os operadores deberán obter para que sexa esixible esa obriga. Por debaixo dese volume de negocios, os operadores de redes públicas e de servizos de telecomunicacións dispoñibles ó público quedarán exentos das obrigas ás que se refire este artigo.

2. Regulamentariamente, regularanse as condicións en que a Comisión do Mercado das Telecomunicacións lles poderá requirir información financeira, incluídas as auditorías das súas contas, ós operadores de redes públicas de telecomunicacións e de servizos de telecomunicacións dispoñibles ó público, e as de publicación da dita información.

TÍTULO III

Obrigas de servizo público e dereitos e obrigas de carácter público na prestación dos servizos e na explotación das redes de telecomunicacións

CAPÍTULO I

Obrigas de servizo públicoSECCIÓN 1.^a DELIMITACIÓNArtigo 35. *Delimitación das obrigas de servizo público.*

1. Os titulares de servizos de telecomunicacións dispoñibles ó público e os titulares de redes públicas de telecomunicacións para a prestación, instalación ou explotación das cales se requira licenza individual, de conformidade co disposto no Título II, suxeitaranse ó réxime de obrigas de servizo público, de acordo co establecido neste Título.

Así mesmo, nos termos contidos na sección 4.^a deste capítulo, os que leven a cabo determinados servizos de telecomunicacións para a prestación dos cales se requira unha autorización xeral, poderán estar sometidos a obrigas de servizo público.

2. O cumprimento das obrigas de servizo público na prestación de servizos e na explotación de redes de telecomunicacións para os que aquelas sexan esixibles, efectuarase con respecto ós principios de igualdade, transparencia, non-discriminación, continuidade, adaptabilidade, dispoñibilidade e permanencia e consono os criterios de calidade que regulamentariamente se determinen, que serán obxecto de adaptacións periódicas. Correspóndelle á Comisión do Mercado das Telecomunicacións controlalo cumprimento das obrigas que se impoñen neste artigo.

3. Nos termos establecidos na disposición adicional segunda, respecto das obrigas de prestación do servizo, aplicarase o réxime establecido para a concesión de servizo público determinado na Lei 13/1995, do 18 de maio, de Contratos das Administracións Públicas, e nas normas que a desenvolven.

Artigo 36. *Categorías de obrigas de servizo público.*

Para efectos do disposto nesta Lei e sen prexuízo das obrigas recollidas no artigo 35, establécense as seguintes categorías de obrigas de servizo público:

a) O servizo universal de telecomunicacións, que será financiado nos termos contidos na sección 2.^a deste Título.

b) Os servizos obrigatorios de telecomunicacións, que se prestarán en todo ou parte do territorio nacional, consonte o determinado na sección 3.^a deste Título.

c) Outras obrigas de servizo público impostas por razóns de interese xeral, na forma e coas condicións establecidas na sección 4.^a deste Título.

SECCIÓN 2.^a O SERVIZO UNIVERSAL DE TELECOMUNICACIÓNSArtigo 37. *Concepto e ámbito de aplicación.*

1. Enténdese por servizo universal de telecomunicacións, o conxunto definido de servizos de telecomunicacións cunha calidade determinada, accesibles a tódolos usuarios con independencia da súa localización xeográfica e a un prezo asequible. Na determinación dos conceptos de servizo accesible e prezo asequible, terase en conta, especialmente, o feito insular.

Inicialmente, baixo o concepto de servizo universal de telecomunicacións, deberase garantir, nos termos que regulamentariamente se determinen:

a) Que tódolos cidadáns poidan recibir conexión á rede telefónica pública fixa e acceder á prestación do servizo telefónico fixo dispoñible para o público. A conexión débelle ofrecer ó usuario a posibilidade de emitir e recibir chamadas nacionais e internacionais e permiti-la transmisión de voz, fax e datos.

b) Que os abonados ó servizo telefónico dispoñan, gratuitamente, dunha guía telefónica, actualizada e impresa e unificada para cada ámbito territorial. Tódolos abonados terán dereito a figurar nas guías e a un servizo de información nacional sobre o seu contido, sen prexuízo, en todo caso, do respecto ás normas que regulen a protección dos datos persoais e o dereito á intimidade.

c) Que exista unha oferta abonda de teléfonos públicos de pagamento no dominio público, en todo o territorio nacional.

d) Que os usuarios discapacitados ou con necesidades sociais especiais teñan acceso ó servizo telefónico fixo dispoñible ó público, en condicións equiparables ás que se ofrecen ó resto de usuarios.

Tódalas obrigas de prestación dos servicios que se inclúen no servizo universal estarán suxeitas ós mecanismos de financiamento que se establecen no artigo 39.

2. O Goberno poderá revisar e ampliar os servicios que se engloban dentro do servizo universal de telecomunicacións, en función da evolución tecnolóxica, da demanda de servicios no mercado ou por consideracións de política social ou territorial. Así mesmo, poderá revisar a fixación dos niveis de calidade na prestación dos servicios e os criterios para a determinación dos prezos que garantan o seu carácter de asequibles.

O procedemento e os mecanismos de revisión do ámbito e condicións de financiamento do servizo universal serán establecidos mediante Real Decreto.

Artigo 38. *Prestación do servizo universal de telecomunicacións.*

1. Para garanti-lo servizo universal de telecomunicacións en todo o territorio nacional, calquera operador que teña a consideración de dominante nunha zona determinada poderá ser designado para prestar, dentro dela, calquera dos servicios incluídos no concepto de servizo universal.

2. Regulamentariamente, estableceranse as condicións e procedementos de designación dos operadores encargados de garanti-la prestación do servizo universal. As ditas condicións incluírán as zonas xeográficas afectadas, os servicios que se van levar a cabo e o período da súa prestación. Así mesmo, determinaranse os supostos en que se poderá prestar, nunha determinada zona xeográfica, o servizo universal por un operador non dominante, sempre e cando os estándares de calidade e de prezo que ofrezan sexan iguais ou máis beneficiosos para o usuario que os que oferte o operador dominante.

3. Os termos e condicións para a prestación do servizo universal por un operador de telecomunicacións rexeranse, ademais de polo establecido nesta Lei e nas súas normas de desenvolvemento, polo que determine a Orde do Ministerio de Fomento pola que se regule a prestación de cada servizo concreto polos titulares de licencias individuais.

Artigo 39. *Financiamento do servizo universal de telecomunicacións.*

1. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións determinará se a obriga da prestación do servizo universal implica unha desvantaxe competitiva, ou non, para os operadores que a leven a cabo. No primeiro suposto, estableceranse e faranse públicos os mecanismos para distribuír entre os operadores o custo neto desta prestación, nos termos previstos neste artigo.

O cálculo de tal custo será determinado periodicamente, en función do aforro neto que o operador conseguiría se non tivese a obriga de presta-lo servizo universal. Este aforro neto calcularase tendo en conta o custo que implica subministrárlle-lo servizo ós clientes ós que, baixo consideracións estrictamente comerciais e a longo prazo, o operador non llelo prestaría por non resultar rendible. Para estes efectos, teranse en conta no cálculo do custo neto, por unha parte, o custo incremental en que o operador incorrería ó lles presta-lo servizo ós clientes citados, en condicións non rendibles, e, por outra, os ingresos derivados desta actividade e os beneficios intanxibles asociados á universalidade do servizo.

A determinación do custo neto realizarao o operador de telecomunicacións que, en cada caso, preste o servizo universal, de acordo cos criterios xerais establecidos pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións. A propia comisión terá que aproba-lo resultado do cálculo,

logo de auditoría realizada por ela mesma ou pola entidade que, para estes efectos, designe.

Tanto o resultado do cálculo dos custos como as conclusións da auditoría estarán a disposición dos operadores que contribúan ó financiamento do servizo universal, logo da súa solicitude e de acordo co procedemento que se estableza.

2. O custo neto do financiamento da obriga de prestación do servizo universal será soportado por tódolos operadores que explotan as redes públicas de telecomunicacións e polos prestadores dos servicios telefónicos dispoñibles ó público.

Unha vez fixado este custo, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións determinará as achegas que correspondan a cada un dos operadores con obrigas de contribución ó financiamento do servizo universal.

Tales achegas fixaranse, en todo caso, de acordo cos principios de transparencia, non-discriminación e proporcionalidade, tendo en conta os parámetros obxectivos indicadores da actividade de cada operador, que serán determinados polo Ministro de Fomento e que serán aplicados pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións. Entrementes non se establezan estes parámetros, terase en conta a porcentaxe dos ingresos brutos de explotación que, en proporción ó volume de negocio total do mercado, obteña cada operador.

Se un operador de telecomunicacións ofrecese condicións especiais de acceso a usuarios discapacitados ou con necesidades sociais especiais nos termos que se determinen consonte a alínea d) do artigo 37, poderá solicita-la dedución do custo neto da súa prestación da achega que deba realizar ó financiamento do servizo universal.

A Comisión do Mercado das Telecomunicacións determinará qué operadores poden quedar exentos, de forma transitoria, da obriga de contribuír ó financiamento do servizo universal, co fin de incentiva-la introducción de novas tecnoloxías ou favorece-lo desenvolvemento dunha competencia efectiva.

As achegas recibidas depositaranse no Fondo Nacional do Servizo Universal das Telecomunicacións, que se crea por esta Lei, de acordo co disposto no punto seguinte deste artigo.

3. O Fondo Nacional do Servizo Universal de Telecomunicacións ten por finalidade garanti-lo financiamento do servizo universal. Os activos en metálico procedentes dos operadores con obrigas de contribuír ó financiamento do servizo universal, depositaranse neste Fondo, nunha conta específica designada para tal efecto. Os gastos de xestión desta conta serán deducidos do seu saldo e os rendementos que este xere, se os houber, minorarán a contribución dos operadores.

Na conta poderán depositarse aquelas achegas que sexan realizadas por calquera persoa física ou xurídica que desexe contribuír, desinteresadamente, ó financiamento de calquera prestación propia do servizo universal.

Os operadores de telecomunicacións suxeitos a obrigas de prestación do servizo universal recibirán deste Fondo a cantidade correspondente ó custo neto, calculado segundo o procedemento establecido neste artigo, que lles supón tal obriga.

Regulamentariamente, determinarase a estrutura, a organización e os mecanismos de control do Fondo Nacional do Servizo Universal de Telecomunicacións e a forma e prazos en que os operadores realizarán as achegas.

A Comisión do Mercado das Telecomunicacións encargase da xestión deste Fondo. Ademais, elaborará e fará público un informe anual sobre os custos do servizo universal e as achegas realizadas ó Fondo para o seu financiamento. Para estes efectos, poderá requirir toda a información que coide necesaria dos operadores implicados.

En caso de que o resultado deste informe indicase que o custo da prestación do servizo universal, para operadores obrigados a iso, fose dunha magnitude tal que non xustificase os custos derivados da xestión do Fondo, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións poderalle propoñer ó Goberno a súa supresión e, se é o caso, o establecemento de mecanismos de compensación directa entre operadores.

SECCIÓN 3.^a SERVICIOS OBRIGATORIOS DE TELECOMUNICACIÓNS

Artigo 40. *Servicios incluídos dentro desta categoría.*

1. O Goberno, logo de informe da Comisión do Mercado das Telecomunicacións e mediante norma regulamentaria, poderá incluír determinados servizos dos previstos no punto 2 deste artigo na categoría de servizos obrigatorios á que alude o artigo 36.b).

2. Poderanse incluír nesta categoría de servizos:

a) Os servizos de télex, os telegráficos e aqueloutras de características similares que comporten acreditación da fidelidade do contido da mensaxe remitida ou da súa remisión ou recepción, así como os servizos de seguridade da vida humana no mar e os que afecten, en xeral, a seguridade das persoas, a seguridade pública e a protección civil.

b) Os servizos de liñas susceptibles de arrendamento ou de transmisión de datos, os avanzados de telefonía dispoñible ó público, os de rede dixital de servizos integrados e os que faciliten a comunicación entre determinados colectivos que se atopen en circunstancias especiais e estean insuficientemente atendidos e, en especial, os de correspondencia pública marítima, coa finalidade de garanti-la suficiencia da súa oferta.

3. O Regulamento que declare incluídos determinados servizos nesta categoría deberá, ademais, indicar, de conformidade co disposto no artigo seguinte, as súas formas de financiamento, as Administracións Públicas ou os operadores obrigados a prestalos en virtude do disposto no punto 1 do artigo 35 e os procedementos para a súa determinación.

4. En calquera caso, o encamiñamento de chamadas ós servizos de emerxencia será por conta dos operadores e deberán asumir esta obriga tanto os que presten servizos telefónicos dispoñibles ó público coma os que exploten redes públicas de telecomunicacións que soporten servizos telefónicos. Inicialmente, esta obriga imporáselles ós operadores respecto das chamadas dirixidas ó número telefónico 112 de atención a urxencias.

O Goberno, mediante Regulamento, determinará outros números telefónicos para a atención de servizos de urxencia, ós que lles será de aplicación o establecido no parágrafo anterior.

En todo caso, o servizo de chamadas de emerxencia será gratuíto para os usuarios, calquera que sexa a Administración pública responsable da súa prestación e con independencia do tipo de terminal que se utilice.

Artigo 41. *Prestación e financiamento dos servizos obrigatorios.*

1. Na prestación dos servizos ós que se refire o punto 2.a) do artigo anterior, será de aplicación o seguinte:

a) O Goberno, mediante regulamento, determinará a Administración pública á que se encomenda a obriga de os prestar, en función da competencia sectorial que teña atribuída. A Administración designada poderá levarlos a cabo, en todo ou en parte, directamente, de acordo

co establecido no artigo 7.3, ou a través dos operadores ós que se lles encomende a súa prestación, mediante un procedemento de licitación pública.

b) O déficit de explotación ou, se é o caso, a contraprestación económica que se lle deba satisfacer a quen se lle encomenda a prestación, financiaranse con cargo ós orzamentos da Administración que teña asignada a obriga de levar a cabo os servizos obrigatorios a que se refire este punto.

2. Na prestación dos servizos a que se refire o punto 2.b) do artigo anterior, será de aplicación o seguinte:

A) O Goberno, mediante regulamento, designará os operadores obrigados a subministraren cada tipo de servizo ou, no seu defecto, os criterios e procedementos para a súa determinación, así como o seu ámbito xeográfico de actuación ou os procedementos para a súa delimitación. Cando o ámbito xeográfico non exceda o dunha Comunidade Autónoma, a designación realizarase logo de informe favorable desta. O regulamento citado deberá tomar en consideración os elementos que a continuación se indican:

a) O custo dos servizos, que terá que ser equivalente para os distintos operadores ós que se impongan obrigas, non establecéndose condicións discriminatorias entre eles.

b) A necesaria rapidez de implantación do servizo na maior parte do territorio que se deba cubrir ou en parte del.

c) A situación dos operadores no mercado.

B) O cumprimento destas obrigas de servizo público levarase a cabo, sen contraprestación económica, polos operadores designados, agás que o regulamento indicado no punto 1.a) deste artigo estableza o seu financiamento mediante as taxas previstas nos artigos 72 e 73. As obrigas imporáselles só ós titulares de novas licencias que se outorguen trala aprobación do regulamento. Non obstante, o regulamento que imponha este tipo de obrigas de servizo público poderá establecer que lles sexa esixible ós operadores xa existentes, unha vez transcorrido un determinado prazo desde a súa implantación, que, en ningún caso, poderá ser inferior a cinco anos. Emporiso, respecto dos operadores dominantes, o regulamento poderá establecer prazos máis breves.

O Ministerio de Fomento, logo de informe da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, desenvolverá, mediante Orde ministerial, o previsto neste punto.

3. A imposición das obrigas establecidas neste artigo ós distintos operadores ou administracións públicas, entenderase sen prexuízo do disposto na disposición transitoria novena.

SECCIÓN 4.^a OUTRAS OBRIGAS DE SERVICIO PÚBLICO

Artigo 42. *Outras obrigas de servizo público.*

1. O Goberno, por necesidades da defensa nacional e da seguridade pública, poderá imponer, mediante Real Decreto, outras obrigas de servizo público distintas das de servizo universal e dos servizos obrigatorios, ós titulares de licencias individuais ou de autorizacións xerais a que se refire o artigo 35.1.

O regulamento ó que se refire o parágrafo anterior fixará, así mesmo, o procedemento de imposición destas obrigas ós distintos operadores e a súa forma de financiamento.

2. O Goberno, mediante regulamento, poderá, así mesmo, impoñer outras obrigas de servizo público ós operadores citados no punto anterior, logo de informe da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, por razóns de cohesión territorial ou de extensión do uso de novos servizos e tecnoloxías á sanidade, á educación ou á cultura.

O regulamento que impoña estas obrigas de servizo público e fixe a súa forma de financiamento poderá establecer a afectación a tal fin de fondos que proveñan das taxas previstas nos artigos 72 e 73 desta Lei. Neste suposto, será de aplicación o procedemento previsto no artigo 37.2.

CAPÍTULO II

Dereitos dos operadores á ocupación do dominio público, a seren beneficiarios no procedemento de expropiación forzosa e ó establecemento, ó seu favor, de servidumes e de limitacións á propiedade

Artigo 43. Titulares dos dereitos.

Os operadores titulares de licencias individuais para a instalación de redes públicas de telecomunicacións ós que, de conformidade co disposto no capítulo I deste título, lles sexan esixibles obrigas de servizo público, beneficiaranse dos dereitos de ocupación do dominio público, da aplicación do réxime de expropiación forzosa e do de establecemento de servidumes e limitacións, de acordo co disposto neste capítulo.

Artigo 44. Dereito de ocupación do dominio público.

1. Os titulares de licencias individuais para o establecemento de redes públicas de telecomunicacións a que se refire o artigo anterior terán dereito á ocupación do domicilio público, na medida en que sexa necesario para o establecemento da rede pública de telecomunicacións de que se trate.

2. Para o outorgamento de tal autorización será requisito previo o informe do órgano competente do Ministerio de Fomento que acredite que o operador posúe a correspondente licenza para a instalación da rede que pretende utilizar e que o proxecto técnico reúne tódolos requisitos esixidos no título outorgado.

As condicións e requisitos que establezan as Administracións titulares do dominio público, para a súa ocupación polos operadores de redes públicas, deberán ser, en todo caso, transparentes e non-discriminatorios.

3. Os órganos encargados da redacción dos instrumentos de planificación territorial ou urbanística deberán solicitar do órgano competente do Ministerio de Fomento o oportuno informe, para efectos de determinar as necesidades de redes públicas de telecomunicacións. Os diferentes instrumentos de planificación territorial ou urbanística deberán recoller as necesidades de establecemento de redes públicas de telecomunicacións, sinaladas nos informes do Ministerio de Fomento.

Artigo 45. Ocupación do dominio público local.

Nas autorizacións de uso de dominio público local será de aplicación, ademais do previsto no artigo anterior, o seguinte:

a) As autorizacións de uso deberán outorgarse consonte o disposto na lexislación de réxime local.

b) Será obrigatoria a canalización subterránea, cando así se estableza nun instrumento de planeamento urbanístico debidamente aprobado.

En todo caso, as condicións que se establezan para a ocupación do dominio público local, tanto para a cana-

lización subterránea das redes coma para o seu financiamento, deberán someterse ós principios de igualdade de trato e de non-discriminación entre os distintos operadores de redes.

Artigo 46. Expropiación forzosa.

1. Os operadores titulares de redes públicas de telecomunicacións ás que se refire o artigo 43 poderán esixir que se lles permita a ocupación da propiedade privada, cando así resulte necesario para a instalación da rede, xa sexa a través da súa expropiación forzosa ou xa mediante a declaración de servidume forzosa de paso de infraestrutura de redes públicas de telecomunicacións. En ámbolos casos, terán a condición de beneficiarios nos expedientes que se tramiten, consonte o disposto na lexislación sobre expropiación forzosa.

2. A aprobación do proxecto técnico polo órgano competente do Ministerio de Fomento que regulamentariamente se determine levará implícita, en cada caso concreto, a declaración de utilidade pública e a de necesidade de ocupación, para efectos do previsto na Lei de Expropiación Forzosa do 16 de decembro de 1954, para a instalación de redes públicas de telecomunicacións.

Con carácter previo á aprobación do proxecto técnico, solicitarase informe da Comunidade Autónoma competente en materia de ordenación do territorio, que haberá de ser emitido no prazo máximo de quince días desde a súa solicitude. Non obstante, logo de solicitude da Comunidade Autónoma, este prazo será ampliado ata dous meses se o proxecto afecta unha área xeográfica relevante.

3. Nas expropiacións que se leven a cabo para a instalación de redes públicas de telecomunicacións, os titulares das cales teñan impostas as obrigas de servizo público indicadas nas alíneas a) e b) do artigo 36, seguirase o procedemento especial de urxencia establecido no artigo 52 da Lei de Expropiación Forzosa, cando así se faga constar na resolución do órgano competente do Ministerio de Fomento que aprobe o oportuno proxecto técnico.

4. As competencias da Administración do Estado ás que se refire este artigo entenderanse sen prexuízo das que lles correspondan ás Comunidades Autónomas en materia de ordenación do territorio.

Artigo 47. Uso compartido dos bens de titularidade pública ou privada obxecto dos dereitos de ocupación regulados nos artigos anteriores.

1. Mediante Orde do Ministro de Fomento, poderá establecerse que, con carácter previo á resolución que dicte o órgano competente de conformidade co disposto nos artigos 44, 45 e 46 mediante os que se autoriza a ocupación de bens de titularidade pública ou privada polo procedemento de expropiación, se efectúe un anuncio público polo que se lles outorgue un prazo de vinte días ós operadores de redes públicas de telecomunicacións para que manifesten o seu interese na súa utilización compartida.

2. No suposto de que algún operador de redes públicas de telecomunicacións manifieste o seu interese na utilización compartida de bens de propiedade pública ou privada, o correspondente expediente de ocupación do ben suspenderase na súa tramitación, e outorgaráselles un prazo de vinte días ás partes para fixaren libremente as condicións para iso. En caso de non existir acordo entre as partes no prazo indicado, a pedimento dunha calquera delas, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións establecerá, mediante resolución, as condicións para o uso compartido.

3. A resolución da Comisión do Mercado das Telecomunicacións que estableza a obriga de uso compartido e as súas condicións deberá ter en conta as seguintes circunstancias:

- a) Que a coutilización sexa economicamente viable.
- b) Que non se requiran obras adicionais de importancia.
- c) Que o operador que se beneficie do uso compartido lle aboe o prezo que se fixe pola coutilización á entidade á que se lle outorga o dereito de ocupación.

4. A resolución do órgano competente para permiti-lo dereito á ocupación do ben de titularidade pública ou privada deberá reproducir, se é o caso, o contido da dictada pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións na que se establece a obriga de utilización compartida dos bens, as súas condicións e o prazo para iso.

5. Na resolución que poña fin ó expediente tramitado para a ocupación ou para a expropiación forzosa de bens, recollerase a obriga do beneficiario de permiti-lo seu uso compartido, consonte o establecido neste artigo.

Artigo 48. *Outras servidumes e limitacións á propiedade.*

1. A protección do dominio público radioeléctrico ten como finalidades o seu aproveitamento óptimo, evita-la súa degradación e o mantemento dun adecuado nivel de calidade no funcionamento dos distintos servizos de radiocomunicacións.

As limitacións á propiedade e á intensidade de campo eléctrico e as servidumes que resulten necesarias para a protección radioeléctrica das instalacións estableceranse, dentro dos límites que se sinalan na disposición adicional terceira, polas normas de desenvolvemento desta Lei.

2. Para efectos do disposto nesta Lei, poderanse impoñer limitacións e servidumes ás que se refire o punto 1 deste artigo, con obxecto de proporcionar-la adecuada protección radioeléctrica a:

- a) As instalacións da Administración que se precisen para o control da utilización do espectro radioeléctrico.
- b) As estacións de socorro e seguridade.
- c) As instalacións de interese para a defensa nacional.
- d) As estacións terreas de seguimento e control de satélites.
- e) As estacións de investigación espacial, de exploración da Terra por satélite, de radioastronomía e de astrofísica, e as instalacións oficiais de investigación ou ensaio de radiocomunicacións ou outras nas que se leven a cabo funcións análogas.
- f) Calquera outra instalación ou estación que resulte necesario protexer para o bo funcionamento dun servizo público ou en virtude de acordos internacionais.

CAPÍTULO III

Segredo das comunicacións e protección dos datos persoais e dereitos e obrigas de carácter público vinculados coas redes e servizos de telecomunicacións

Artigo 49. *Segredo das comunicacións.*

Os operadores que presten servizos de telecomunicacións ó público ou exploten redes de telecomunicacións accesibles ó público deberán garanti-lo segredo das comunicacións, de conformidade cos artigos 18.3 e 55.2 da Constitución e o artigo 579 da Lei de Axuízamento Criminal. Para iso, deberán adopta-las medidas

técnicas que esixa a normativa vixente en cada momento, en función das características da infraestrutura utilizada.

Artigo 50. *Protección dos datos de carácter persoal.*

Os operadores que presten servizos de telecomunicacións ó público ou exploten redes de telecomunicacións accesibles ó público deberán garantir, no exercicio da súa actividade, a protección dos datos de carácter persoal, consonte o disposto na Lei orgánica 5/1992, do 29 de outubro, de Regulación do Tratamento Automatizado dos Datos de Carácter Persoal, nas normas dictadas no seu desenvolvemento e nas normas regulamentarias de carácter técnico, a aprobación das cales esixa a normativa comunitaria en materia de protección dos datos persoais.

Artigo 51. *Interceptación das telecomunicacións polos servizos técnicos.*

Con pleno respecto ó dereito ó segredo das comunicacións e á esixencia, consonte o establecido na Lei de Axuízamento Criminal, de autorización xudicial para a interceptación de contidos, cando para a realización das tarefas de control para a eficaz utilización do dominio público radioeléctrico establecidas no Convenio internacional de telecomunicacións, sexa necesaria a utilización de equipos, infraestructuras e instalacións técnicas de interceptación de sinais non dirixidas ó público en xeral, será de aplicación o seguinte:

- a) A Administración das telecomunicacións deberá deseñar e establece-los seus sistemas técnicos de interceptación de sinais en forma tal que se reduza ó mínimo o risco de afecta-los contidos das comunicacións.
- b) Cando, como consecuencia das interceptacións técnicas efectuadas, quede constancia dos contidos, os soportes nos que estes aparezan non poderán ser nin almacenados nin divulgados e serán inmediatamente destruídos.

As mesmas regras aplicaranse para a vixilancia do adecuado emprego das redes e a correcta prestación dos servizos de telecomunicacións.

O establecido neste artigo enténdese sen prexuízo das facultades que á Administración lle atribúe o artigo 61.2.

Artigo 52. *Cifrado nas redes e servizos de telecomunicacións.*

1. Calquera tipo de información que se transmita por redes de telecomunicacións poderá ser protexida mediante procedementos de cifrado. Poderán establecerse condicións para os procedementos de cifrado nas normas de desenvolvemento desta Lei.

2. O cifrado é un instrumento de seguridade da información. Entre as súas condicións de uso, cando se utilice para protexe-la confidencialidade da información, poderase impoñe-la obriga de lle notificar a un órgano da Administración Xeral do Estado ou a un organismo público os algoritmos ou calquera procedemento de cifrado utilizado, para efectos do seu control de acordo coa normativa vixente. Esta obriga afectará ós fabricantes que incorporen o cifrado nos seus equipos ou aparellos, ós operadores que o inclúan nas redes ou dentro dos servizos que ofrezan e, se é o caso, ós usuarios que o empreguen.

3. Os operadores de redes ou servizos de telecomunicacións que utilicen calquera procedemento de cifrado deberánlle facilitar á Administración Xeral do Estado, sen ningún custo para esta e para efectos da

oportuna inspección, os aparellos descodificadores que empreguen, nos termos que se establezan regulamentariamente.

Artigo 53. *Redes de telecomunicacións no interior dos edificios.*

1. Con pleno respecto ó previsto na lexislación reguladora das infraestructuras comúns no interior dos edificios para o acceso ós servizos de telecomunicación, estableceranse regulamentariamente as oportunas disposicións que a desenvolvan. O regulamento determinará, tanto o punto de interconexión da rede interior coas redes públicas, como as condicións aplicables á propia rede interior.

2. Sen prexuízo das competencias das Comunidades Autónomas sobre a materia, a normativa técnica básica de edificación que regule a infraestructura de obra civil no interior dos edificios deberá ter en conta as necesidades de soporte dos sistemas e redes de telecomunicacións a que se refire o punto anterior.

Na referida normativa técnica básica deberá preverse que a infraestructura de obra civil dispoña de capacidade suficiente para permiti-lo paso das redes dos distintos operadores, de xeito que se facilite a posibilidade de uso compartido destas infraestructuras por aqueles.

Así mesmo, o regulamento regulará o réxime de instalación das redes de telecomunicacións nos edificios xa existentes ou futuros, en todos aqueles aspectos non vistos nas disposicións con rango legal reguladoras da materia.

Artigo 54. *Dereitos dos usuarios.*

1. Os operadores de telecomunicacións e os usuarios poderán somete-las controversias que os enfronten ó coñecemento de Xuntas Arbitrais de Consumo, de acordo co disposto na Lei 26/1984, do 19 de xullo, sobre Defensa dos Consumidores e Usuarios, e nas súas normas de desenvolvemento.

Para o suposto de que non se sometan ás Xuntas Arbitrais de Consumo, o Ministerio de Fomento establecerá, regulamentariamente, o órgano competente do dito Departamento para resolve-las repetidas controversias, se así o solicitan voluntariamente os usuarios, e o procedemento rápido e gratuito ó que aquel terá que se suxeitar. A resolución que se dicte poderá impugnarse ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

2. As normas básicas de utilización dos servizos de telecomunicacións accesibles ó público en xeral que determinarán os dereitos dos usuarios aprobaranse por un regulamento que, entre outros extremos, regulará:

- a) A responsabilidade polos danos que se lles produzan.
- b) Os dereitos de información dos usuarios.
- c) Os prazos para a modificación das ofertas.
- d) Os dereitos de desconexión de determinados servizos, logo de solicitude do usuario.
- e) O dereito a obter unha compensación pola interrupción do servizo.

3. Sen prexuízo do establecido no artigo 37.b), a elaboración e comercialización das guías de abonados ós servizos de telecomunicacións realizarase en réxime de libre competencia, garantíndoselles, en todo caso, ós aboados o dereito a protexeren os seus datos persoais, incluíndo o de non figuraren nas ditas guías.

4. En todo caso, os usuarios terán dereito a unha información fiel sobre os servizos e produtos ofrecidos, así como sobre os seus prezos, que permita un correcto aproveitamento deles e favoreza a liberdade de elección.

5. O Goberno ou, se é o caso, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións, poderán introducir cláusulas de modificación dos contratos celebrados entre os operadores e os usuarios, para evita-lo trato abusivo a estes.

TÍTULO IV

Avaliación da conformidade de equipos e aparellos

Artigo 55. *Avaliación da conformidade.*

1. O Ministerio de Fomento, cando así o prevega a normativa aplicable e logo de informe da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, aprobará as especificacións técnicas dos equipos ou aparellos de telecomunicacións, recollendo os requisitos esenciais que sexan de aplicación. En todo caso, os equipos e aparellos terán que permitir que se garanta o funcionamento eficiente dos servizos e redes de telecomunicacións, así como a adecuada utilización do espectro radioeléctrico. Requirirase unha regulación específica polo citado Ministerio para os equipos e aparellos cando concorran algunhas das seguintes circunstancias:

- a) Que exista unha norma expresa que así o prevega.
- b) Que requiran a utilización do espectro de frecuencias radioeléctricas.
- c) Que estean destinados a se conectar directa ou indirectamente ós puntos de terminación dunha rede pública de telecomunicacións, co obxecto de enviar, procesar ou recibir sinais.
- d) Que poidan perturba-lo normal funcionamento dun servizo de telecomunicacións.

2. A conformidade coas especificacións técnicas establecerase mediante a emisión do certificado de aceptación, trala verificación do cumprimento das ditas especificacións.

3. A comprobación do cumprimento das especificacións técnicas levarase a cabo en laboratorios de ensaio designados polo órgano competente do Ministerio de Fomento. A forma de designación destes laboratorios será a que veña establecida regulamentariamente e, en todo caso, deberá facerse mediante un procedemento aberto, non-discriminatorio e transparente, que permita, antes de levarse a cabo, comprobar que aqueles cumpren os criterios e normas emanados dos organismos técnicos correspondentes.

4. O Goberno, mediante Real Decreto, poderá levar a cabo as modificacións necesarias no réxime aplicable ós laboratorios de ensaio designados, coa finalidade de adaptalo ás disposicións da normativa comunitaria.

5. Sen prexuízo do disposto neste artigo, as especificacións técnicas dos equipos, aparellos e dispositivos utilizados polas Forzas Armadas serán determinados polo Ministerio de Defensa, e deberán ser compatibles coas redes públicas de telecomunicacións para que sexa posible a súa conexión, nos termos previstos no parágrafo terceiro do punto 2 do artigo 5.

Artigo 56. *Procedemento para a avaliación da conformidade dos equipos e aparellos coa normativa aplicable.*

O procedemento para a avaliación da conformidade dos equipos e aparellos coa normativa aplicable establecerase regulamentariamente e terá en conta:

- a) As diferentes formas de obtención do certificado de aceptación e os distintos métodos de avaliación para o seu outorgamento.

b) O modo en que deban realizarse os ensaios para a súa verificación.

Artigo 57. Necesidade da avaliación da conformidade.

1. Para a importación, fabricación en serie, venda ou exposición para a venda, no mercado interior da Unión Europea, de calquera equipo ou aparello dos indicados no artigo 55, será requisito imprescindible ter obtido previamente o certificado de aceptación, trala avaliación da súa conformidade coa normativa que resulte aplicable polos procedementos a que se refiren os artigos anteriores.

2. O certificado de aceptación expedido para os equipos e aparellos destinados a conectarse ós puntos de terminación dunha rede pública de telecomunicacións inclúe a autorización administrativa que permite a conexión do aparello á dita rede.

Artigo 58. Competencias compartidas.

As competencias sinaladas nos artigos 55 e 57 serán exercidas polo Ministerio de Fomento. Iso enténdese sen prexuízo das competencias que correspondan a outros Ministerios ou ás Comunidades Autónomas en materia de industria respecto da normalización, homologación e certificación. Teranse que establece-los instrumentos adecuados para asegura-la coordinación entre as distintas Administracións públicas das actuacións que se vaian realizar nesta materia.

Artigo 59. Recoñecemento mutuo.

Os certificados de conformidade ou procedementos alternativos de avaliación da conformidade coas normas comúns harmonizadas e as Regulamentacións técnicas comúns, cunhas referencias que se publicasen no «*Diario Oficial das Comunidades Europeas*», expedidos por organismos designados polos Estados membros da Unión Europea, de acordo coa lexislación comunitaria, terán un valor equivalente ó certificado de aceptación para os equipos e aparellos de telecomunicacións procedentes daqueles ou doutros Estados cos que exista acordo sobre a materia. Por iso, será necesario que os equipos e aparellos estean debidamente marcados conforme se establece nas normas que incorporen ó Dereito Español as Directivas Comunitarias que lles sexan de aplicación.

Artigo 60. Condicións ós instaladores.

Regulamentariamente, estableceranse, logo de audiencia dos Colegios Profesionais afectados e das asociacións representativas das empresas de construción e instalación, as condicións aplicables ós operadores e instaladores de equipos e aparellos de telecomunicacións co fin de que, acreditando a súa competencia profesional, se garanta a posta en servizo dos equipos e aparellos. Será preciso que, en todo caso, se manteñan inalteradas as condicións baixo as cales foron emitidos os certificados dos equipos e aparellos ós que se refiren os artigos anteriores, sen menoscabo da avaliación da conformidade realizada.

No regulamento ó que se refire o parágrafo anterior, estableceranse os requisitos esixidos ós instaladores, respectando as competencias das Comunidades Autónomas no seu ámbito territorial para outorgaren, se é o caso, as correspondentes autorizacións, ou levanen un rexistro. Así mesmo, regularase, neste suposto, a obriga das Comunidades Autónomas de lle dar traslado do actuado ó Ministerio de Fomento.

TÍTULO V

Dominio público radioeléctrico

Artigo 61. Xestión do dominio público radioeléctrico.

1. A xestión do dominio público radioeléctrico e as facultades para a súa administración e control correspóndelle ó Estado. A dita xestión exercerase de conformidade co disposto neste Título e nos tratados e acordos internacionais en que España sexa parte, atendendo á normativa aplicable na Unión Europea e ás resolucións e recomendacións da Unión Internacional de Telecomunicacións e doutros organismos internacionais.

2. A administración, xestión e control do espectro de frecuencias radioeléctricas inclúen, entre outras funcións, a elaboración e aprobación dos plans xerais de utilización, o establecemento das condicións para o outorgamento do dereito ó seu uso, a atribución dese dereito e a comprobación técnica das emisións radioeléctricas. Así mesmo, intégrase dentro da administración, xestión e control do referido espectro, a inspección, detección, localización, identificación e eliminación das interferencias prexudiciais, irregularidades e perturbacións nos sistemas de telecomunicacións, iniciándose, se é o caso, o oportuno procedemento sancionador.

3. A utilización do dominio público radioeléctrico mediante redes de satélites inclúese dentro da xestión, administración e control do espectro de frecuencias.

4. Así mesmo, a utilización do dominio público radioeléctrico necesaria para a utilización dos recursos órbita-espectro no ámbito da soberanía española e mediante satélites de comunicacións, queda reservada ó Estado. A súa explotación estará sometida ó dereito internacional e realizarase, na forma que regulamentariamente se determine, mediante a súa xestión directa polo Estado ou mediante concesión. En todo caso, a xestión poderá tamén levarse a cabo mediante concertos con organismos internacionais.

Artigo 62. Facultades do Goberno para a xestión do dominio público radioeléctrico.

O Goberno desenvolverá regulamentariamente as condicións de xestión do dominio público radioeléctrico, a elaboración dos plans para a súa utilización e os procedementos de outorgamento dos dereitos de uso do dito dominio, ben mediante autorización administrativa, concesión demanial ou afectación de uso. No dito regulamento regularase, como mínimo, o seguinte:

O procedemento de determinación dos niveis de emisión radioeléctrica tolerables e que non supoñan un perigo para a saúde pública.

O procedemento para a elaboración dos plans de utilización do espectro radioeléctrico e do Cadro Nacional de Atribución de Frecuencias, con indicación dos órganos competentes para a súa tramitación. Na elaboración dos ditos plans, deberanse tomar en consideración as bandas de frecuencias atribuídas ós servizos de radiodifusión e de televisión nos Plans Técnicos Nacionais e as necesidades para a defensa nacional do espectro radioeléctrico. Os datos relativos a esta última materia terán o carácter de reservados. Os plans técnicos, que serán aprobados polo Goberno, terán valor equivalente ó Cadro Nacional de Atribución de Frecuencias e neles respectaranse os dereitos recoñecidos ós actuais operadores, consonte a planificación ata agora vixente. Para a elaboración dos futuros plans técnicos nacionais de radiodifusión e de televisión, o Goberno terá en conta as necesidades de cobertura estatal, autonómica e local. Procurará que exista unha oferta de frecuencias equivalente para a cobertura estatal e para a autonómica

e local, en función das específicas necesidades e tendo en conta as especialidades do feito insular.

Os procedementos de adxudicación do uso de dominio público terán en conta, entre outras circunstancias, a tecnoloxía utilizada, o interese dos servizos, as bandas e o seu grao de aproveitamento. Tamén terán en consideración a valoración económica, para o interesado, do uso do dominio público, que este é un recurso escaso e as ofertas presentadas polos licitadores.

A habilitación para utilizarlo dominio público mediante licenza individual revestirá a forma de concesión ou autorización administrativa e formalizarase consonte o disposto na Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo común, ou conforme a Lei 13/1995, do 18 de maio, de contratos das administracións públicas. O prazo para o outorgamento das licencias individuais para a prestación de servizos ou explotación de redes de telecomunicacións que impliquen a utilización do dominio público radioelétrico será, de conformidade co sinalado no artigo 18.3, de catro meses desde a entrada da solicitude en calquera dos rexistros do órgano administrativo competente, sen prexuízo do establecido no artigo 21 para os supostos de limitación do número de licencias.

Artigo 63. *Títulos habilitantes para o uso do dominio público radioelétrico.*

1. O dereito de uso do dominio público radioelétrico será outorgada polo órgano ou autoridade competente consonte esta Lei, a través da afectación de dominio público ou de concesión administrativa.

2. Malia o disposto no punto anterior, o regulamento a que se refire o artigo 62 poderá establecer que a atribución do dereito ó uso do dominio público radioelétrico non se outorgue por concesión administrativa, senón por autorización administrativa, nos seguintes supostos:

Se se trata dunha reserva do dereito de uso especial non privativo do dominio público.

No caso de que se trate dunha reserva do dereito de uso privativo do dominio público radioelétrico cando concorran tódalas circunstancias seguintes:

a) Que a utilización do referido dominio se leve a cabo para a prestación de servizos de telecomunicacións distintos dos dispoñibles ó público en xeral ou para a explotación de redes de telecomunicacións non públicas.

b) Que exista información suficiente que permita constatar que a oferta de dominio público supera a demanda previsible.

c) Que a dita información permita determinar que, por razón do espazo xeográfico ou o fin a que se destina, non existen problemas técnicos ou económicos para o uso do dito dominio.

3. En calquera caso, para o outorgamento do título concesional ou da autorización, poderanse establecer os requisitos do artigo 16 do Título II.

4. No suposto de que os recursos dispoñibles de dominio público radioelétrico sexan ou poidan ser presumiblemente inferiores ás solicitudes que se formulen, poderase limita-lo número de autorizacións ou o de concesións. Neste suposto, e respecto das autorizacións, será de aplicación o disposto nos artigos 20 e 21. O procedemento de selección poderá ter en consideración, entre outros extremos, as ofertas económicas dos solicitantes, de acordo co artigo 16.2.º

Artigo 64. *Protección do dominio público radioelétrico.*

1. Será de aplicación o disposto, con carácter xeral, no Título IV, respecto das especificacións técnicas que permitan garanti-la adecuada utilización do espectro

radioelétrico mediante o emprego de equipos e aparellos. Malia o anterior, poderá exceptuarse da aplicación do disposto no dito Título o uso de determinados equipos de radioaficionados construídos polo propio usuario e non dispoñibles para a venda no mercado, consonte o disposto na súa regulación específica.

2. Regulamentariamente, estableceranse as limitacións á propiedade e as servidumes necesarias para a defensa do dominio público radioelétrico e para a protección radioelétrica das instalacións da Administración que se precisen para o control da utilización do espectro, de conformidade co disposto no artigo 48 e na disposición adicional terceira.

Artigo 65. *Control, inspección e réxime sancionador.*

Correspóndelle ó Estado, a través da Inspección de Telecomunicacións, o control e inspección do dominio público radioelétrico. Respecto da inspección e do réxime sancionador, haberase que ater ó disposto no Título VIII. A competencia estatal entenderase sen prexuízo das facultades de inspección, control e sanción que lles correspondan ás Comunidades Autónomas sobre servizos de comunicación social, se as concesións para a súa prestación foron outorgadas por elas.

Con carácter previo á utilización do dominio público radioelétrico, esixirase, preceptivamente, a inspección ou o recoñecemento das instalacións, co fin de comprobar que estas se axustan ás condicións previamente autorizadas. En función da natureza do servizo, da banda de frecuencias empregada ou da importancia técnica das instalacións que se utilicen, a inspección previa poderase substituír por unha certificación expedida por un técnico competente.

TÍTULO VI

A administración das telecomunicacións

Artigo 66. *Competencias da Administración xeral do Estado.*

Sen prexuízo do establecido na disposición derradeira primeira, a Administración Xeral do Estado exercerá as súas competencias en materia de telecomunicacións consonte a presente Lei e os seus regulamentos de desenvolvemento, aprobados por proposta do Ministerio de Fomento ou doutros Ministerios, no ámbito das súas respectivas competencias.

Artigo 67. *Facultades do Goberno e do Ministerio de Fomento.*

1. O Goberno elaborará as directrices básicas para a ordenación e o desenvolvemento do sector das telecomunicacións.

2. O Ministro de Fomento, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros órganos pola presente Lei, proporalle ó Goberno a política que debe seguir para facilita-lo desenvolvemento e a evolución dos servizos públicos de telecomunicacións ós que se fai referencia no Título III e desenvolveraa.

O Ministerio de Fomento, en coordinación co Ministerio de Asuntos Exteriores, proporalle ó Goberno, para a súa aprobación, as directrices aplicables á participación do Estado español nas organizacións internacionais de telecomunicacións e a política que se seguirá nas relacións con elas e cos organismos e entidades nacionais en materia de telecomunicacións internacionais.

Tamén lle corresponden ó Ministerio de Fomento, nos termos da presente Lei, as competencias en materia

de autorizacións xerais ou licencias individuais non atribuídas pola Lei 12/1997, do 24 de abril, de Liberalización das Telecomunicacións, á Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

Artigo 68. *Actividades de fomento, investigación e desenvolvemento.*

1. Co fin de facilita-lo desenvolvemento da sociedade da información, o Ministerio de Fomento, sen prexuízo das competencias propias doutras administracións e doutros Ministerios, realizará as seguintes funcións:

a) Promove-la expansión do coñecemento dos novos servizos de telecomunicacións e o seu achegamento ó cidadán.

b) Colaborar cos demais Ministerios e organismos que dependan deles na análise dos distintos aspectos dos servizos de telecomunicacións.

c) Elaborar e difundir, en coordinación con outros Ministerios e organismos que dependan deles, programas de utilización dos novos servizos de telecomunicacións para a sociedade da información que contribúan a crear mellores condicións para o desenvolvemento económico, social e cultural.

Regulamentariamente, o Goberno establecerá os instrumentos adecuados para asegura-la coordinación das actuacións dos distintos Ministerios, no ámbito das competencias da Administración Xeral do Estado.

2. O Ministerio de Fomento, de acordo coa vixente lexislación e en coordinación cos organismos competentes en materia de investigación e desenvolvemento, levará a cabo as seguintes actividades:

a) A elaboración, a xestión e a execución dos correspondentes programas sectoriais de investigación e desenvolvemento en materia de telecomunicacións, no marco do disposto na Lei 13/1986, do 14 de abril, de Fomento e Coordinación Xeral da Investigación Científica e Técnica.

b) A promoción, conxuntamente con outros departamentos, da participación española nos programas internacionais de investigación e desenvolvemento en materia de telecomunicacións, a través da Comisión Interministerial de Ciencia e Tecnoloxía, no marco do disposto na citada Lei 13/1986.

c) O fomento dunha adecuada política de prototipos.

Artigo 69. *A Comisión do Mercado das Telecomunicacións.*

O réxime xurídico, a composición, as funcións, a contratación, o persoal e o orzamento da Comisión do Mercado das Telecomunicacións rexeranse polo disposto na Lei 12/1997, do 24 de abril, de Liberalización das Telecomunicacións, polo texto refundido da Lei Xeral Orzamentaria, aprobado por Real Decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro, en canto sexa de aplicación e, supletoriamente, pola Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración Xeral do Estado.

Artigo 70. *O Consello Asesor das Telecomunicacións.*

1. O Consello Asesor das Telecomunicacións, presidido polo Ministro de Fomento ou pola persoa en quen delegue, é o órgano asesor do Goberno en materia de telecomunicacións.

As funcións do Consello serán de estudo, deliberación e proposta en materias relativas ás telecomunicacións. Corresponderalle, igualmente, emitir informe sobre os asuntos que o Goberno determine ou sobre

os que, por propia iniciativa, xulgue conveniente. O dictame do Consello Asesor de Telecomunicacións equivalerá á audiencia á que se refire o artigo 24.1.c) da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

2. O Goberno, mediante Real Decreto, establecerá a composición e o réxime de funcionamento do Consello Asesor de Telecomunicacións, os membros do cal representarán a Administración do Estado, as administracións autonómicas, a Administración local a través das súas asociacións ou federacións máis representativas, os usuarios, os operadores que xestionen servizos de telecomunicacións ou redes públicas de telecomunicacións, as industrias fabricantes de equipos de telecomunicacións e os sindicatos máis representativos do sector.

TÍTULO VII

Taxas en materia de telecomunicacións

Artigo 71. *Taxa por autorizacións xerais e licencias individuais para a prestación de servizos a terceiros.*

Sen prexuízo da contribución económica que se lles poida impoñer ós operadores para o financiamento do servizo universal, de acordo co establecido no artigo 39 e no Título III, todo titular dunha autorización xeral ou dunha licenza individual para a prestación de servizos a terceiros estará obrigado a lle aboar á Administración xeral do Estado unha taxa anual que non poderá exceder do 2 por 1000 dos seus ingresos brutos de explotación e que estará destinada a sufraga-los gastos que se xeren, incluídos os de xestión, á Comisión do Mercado das Telecomunicacións, pola aplicación do réxime de licencias e autorizacións xerais establecido nesta Lei.

Para efectos do sinalado no parágrafo anterior, enténdese por ingresos brutos o conxunto de ingresos que obteña o titular da licenza ou da autorización, derivados da explotación das redes ou da prestación dos servizos de telecomunicacións incluídos no ámbito de aplicación desta lei.

A taxa devengarase con carácter anual. O procedemento para a súa exacción establecerase regulamentariamente.

Para efectos do disposto no parágrafo anterior, a Lei de Orzamentos Xerais do Estado establecerá anualmente, tomando en consideración a relación entre os ingresos derivados do cobramento da taxa e os gastos ocasionados pola expedición e o control do aproveitamento das licencias individuais e as autorizacións xerais, a porcentaxe que se aplicará sobre os ingresos brutos de explotación que obteña o operador, co límite determinado neste artigo, para a fixación do importe da taxa.

A diferenza entre os ingresos orzados por este concepto e os realmente obtidos será tida en conta para efectos de reducir ou incrementa-la porcentaxe que se fixe na Lei de orzamentos Xerais do Estado do ano seguinte. Terase como obxectivo acada-lo equilibrio entre os ingresos pola taxa e os gastos derivados da citada actividade, realizada pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

Artigo 72. *Taxas por numeración.*

A asignación pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións de bloques de numeración ou de números en favor dunha ou varias persoas ou entidades gravarase cunha taxa, e o importe da súa recadación ingresarase no Tesouro Público. O dito importe estará destinado a financia-la investigación e a formación en materia de telecomunicacións e as obrigas de servizo público previstas nos artigos 40 e 42 desta Lei.

A taxa devengarase anualmente e o procedemento para a súa exacción establecerase por regulamento. O importe da dita exacción será o resultado de multiplica-la cantidade de números asignados polo valor outorgado a cada número.

O valor de cada número poderá ser diferente, en función do número de díxitos e dos distintos servicios ós que afecte, e fixarase anualmente na Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

Para os efectos desta taxa, enténdese que tódolos números están formados por nove díxitos. Cando se asignen números con menos díxitos, para os efectos do cálculo da contía que se vaia pagar en concepto de taxa, considerarase que se están asignando tantos números de nove cifras como resulte de lle engadir a cada número un 1 seguido de tantos zeros como sexan necesarios para completa-las nove cifras.

O importe dos ingresos obtidos por esta taxa destinarase a financia-los gastos que soporte a Administración Xeral do Estado na planificación, control e xestión do Espacio Público de Numeración. Nos referidos gastos inclúiranse os do financiamento da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, cando os ingresos a que se refire o artigo 75 desta Lei resultaren insuficientes para iso.

Artigo 73. *Taxa por reserva do dominio público radioeléctrico.*

1. A reserva de calquera frecuencia do dominio público radioeléctrico a favor dunha ou varias persoas ou entidades gravarase cunha taxa anual nos termos que se establecen neste artigo. O importe desta taxa estará destinado a financia-la investigación e a formación en materia de telecomunicacións e o cumprimento das obrigas de servicio público previstas nos artigos 40 e 42 desta Lei.

Para a fixación do importe que aboarán en concepto desta taxa os suxeitos obrigados, terase en conta o valor de mercado do uso da frecuencia reservada e a rendibilidade que del puidese obterlo beneficiario.

Para a determinación do citado valor de mercado e da posible rendibilidade obtida polo beneficiario da reserva, teranse en consideración, entre outros, os seguintes parámetros:

1.º O grao de utilización e conxestión das distintas bandas e nas distintas zonas xeográficas.

2.º O tipo de servicio para o que se pretende utiliza-la reserva e, en particular, se este leva implícitas as obrigas de servicio público recollidas no Título III.

3.º A banda ou sub-banda do espectro que se reserve.

4.º Os equipos e a tecnoloxía que se empreguen.

5.º O valor económico derivado do uso ou aproveitamento do dominio público reservado.

2. O importe que se aboará en concepto desta taxa será o resultado de multiplica-la cantidade de unidades de reserva radioeléctrica do dominio público reservado, polo valor que se lle asigne á unidade. Nos territorios insulares, a superficie que se aplicará para o cálculo das unidades radioeléctricas que se utilicen para a determinación da taxa correspondente calcularase excluindo a cobertura non solicitada que se estenda sobre a zona marítima. Para os efectos do disposto neste punto, enténdese por unidade de reserva radioeléctrica un patrón convencional de medida, referido á ocupación potencial ou real, durante o período dun ano, dun largo de banda dun quilohercio sobre un territorio dun quilómetro cadrado.

3. A cuantificación dos parámetros anteriores determinarase na Orde ministerial a que se refire o artigo 16, agás cando exista limitación do número de licencias, de acordo co disposto nos artigos 20 e 21. Neste caso, a cuantificación establecerase na orde ministerial que

aprobe o prego de bases que rexa para a correspondente licitación.

4. Nos supostos de uso especial, poderase aboa-lo importe correspondente á taxa mediante unha cota fixa periódica, en función do tipo de uso especial autorizado ou a través dunha cota única polo total do tempo de vixencia do título habilitante, que coincidirá co de validez da certificación do equipo ou equipos autorizados.

5. O pagamento da taxa deberá ser realizado tanto polos titulares de estacións radioeléctricas emisoras como polos titulares das meramente receptoras que precisen de reserva radioeléctrica. As estacións meramente receptoras que non dispoñan de reserva radioeléctrica estarán excluídas do pagamento da taxa. O importe da exacción será ingresado no Tesouro Público.

6. O procedemento de exacción establecerase por norma regulamentaria. O non-pagamento do importe da taxa poderá motiva-la suspensión ou a perda do dereito á ocupación do dominio público radioeléctrico.

7. As administracións públicas estarán exentas do pagamento desta taxa nos supostos de reserva de frecuencias do dominio público radioeléctrico para a prestación de servicios de interese xeral sen contraprestación económica. Para tal fin, deberanlle solicitar, fundadamente, a dita exención ó Ministerio de Fomento.

8. O importe da taxa regulada neste artigo será destinado a financia-los gastos que se ocasionen pola aplicación do réxime de licencias previsto nesta Lei, cando as taxas e canons ós que se refiren os artigos 71, 72 e 74 sexan insuficientes.

Artigo 74. *Taxas de telecomunicacións.*

1. A xestión precisa para a emisión de certificacións rexistras de certificacións de cumprimento das especificacións técnicas de equipos e aparellos de telecomunicacións, as actuacións inspectoras ou de comprobación técnica que, con carácter obrigatorio, veñan establecidas nesta Lei ou noutras disposicións con rango legal e o outorgamento das licencias individuais que se requiran para a autoprestación de servicios e para o aproveitamento de redes propias, darán dereito á exacción das taxas compensatorias do custo dos trámites e actuacións necesarias, consonte o que se dispón nos apartados seguintes.

Así mesmo, dará dereito á exacción das correspondentes taxas compensatorias, de acordo co disposto nos apartados seguintes, a realización dos exames para a obtención do diploma de operador de estacións de radioaficionados e a expedición deste.

2. Constitúe o feito imponible da taxa a prestación pola Administración dos servicios necesarios para o outorgamento das certificacións correspondentes e a realización das actuacións de inspección ou de comprobación técnica sinaladas no número anterior, así como o outorgamento de licencias individuais para autoprestación de servicios ou o aproveitamento de redes propias, a realización dos exames de operador de estacións de aficionado e a expedición dos diplomas correspondentes.

3. Serán suxeitos pasivos da taxa, segundo os supostos, a persoa natural ou xurídica que solicite a correspondente certificación, aquela á que proceda practica-las actuacións inspectoras de carácter obrigatorio ou solicite unha licenza individual para a autoprestación de servicios de telecomunicacións ou o aproveitamento de redes propias e a que se presente ós exames para a obtención do título de operador de estacións de aficionado ou á que se lle expida o correspondente diploma.

4. A contía da taxa será de:

a) 6.000 pesetas pola expedición de certificacións rexistras.

b) Pola expedición de certificacións, 47.500 pesetas.

c) Por cada acto de inspección efectuado, 50.000 pesetas.

d) Polo outorgamento de licencias individuais para o uso de redes e servizos en réxime de autoprestación, 10.000 pesetas.

e) Pola presentación ós exames para a obtención do diploma de operador de estacións de afeccionado, 2.500 pesetas.

f) Pola expedición do diploma de operador de estacións de afeccionado, 1.500 pesetas.

A taxa devengarase no momento da solicitude correspondente.

O rendemento da taxa ingresarase no Tesouro Público ou na conta bancaria habilitada para o efecto pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións, na forma en que regulamentariamente se determine.

A forma de liquidación da taxa establecerase regulamentariamente.

A realización de probas ou ensaios para comproba-lo cumprimento de especificacións técnicas terá a consideración de prezo público cando aquelas poidan ser efectuadas polo interesado, opcionalmente, en centros dependentes da Administración de calquera Estado membro da Unión Europea, da Administración española, ou en centros privados ou alleos a aquelas, cando tales probas sexan solicitadas polo interesado voluntariamente sen estar obrigado a iso pola normativa en vigor.

Artigo 75. *Xestión recadatoria de taxas pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións e polo Ministerio de Fomento.*

1. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións recadará as taxas que, de conformidade co disposto no artigo 1 da Lei 12/1997, do 24 de abril, de Liberalización das Telecomunicacións, integran os seus recursos propios. A recadación das taxas ás que se refire o artigo anterior corresponderalle cando a súa actuación sexa determinante do feito imponible.

2. Nos supostos non incluídos no número anterior corresponderalle a recadación das taxas ó órgano competente do Ministerio de Fomento.

TÍTULO VIII

Inspección e réxime sancionador

Artigo 76. *Funcións inspectoras e sancionadoras.*

1. Será competencia do Ministerio de Fomento a inspección dos servizos e das redes de telecomunicacións, das súas condicións de prestación, dos equipos, dos aparellos, das instalacións e dos sistemas civís. Tamén lle corresponderá ó Ministerio de Fomento a aplicación do réxime sancionador, agás que lle corresponda á Comisión do Mercado das Telecomunicacións. En materias de competencia da Comisión do Mercado das Telecomunicacións e por solicitude desta, o Ministerio de Fomento realizará as actividades de inspección que lle sexan requiridas. En todo caso, será o Ministerio de Fomento o que exerza as funcións inspectoras.

2. Os funcionarios do Ministerio de Fomento adscritos á Inspección das telecomunicacións terán, no exercicio das súas funcións, a consideración de autoridade pública e poderán solicitar, a través da autoridade gubernativa correspondente, o apoio necesario dos Corpos e Forzas de Seguridade.

Os titulares habilitados para a prestación dos servizos, a instalación ou explotación das redes, ou quen realicen as actividades ás que se refire esta lei, virán obrigados a lle facilitar ó persoal da Inspección no exercicio das súas funcións, o acceso ás súas instalacións.

Tamén deberán permitir que o dito persoal leve a cabo o control dos elementos afectos ós servizos ou actividades que realicen, das redes que instalen ou exploten e de cantos documentos están obrigados a posuír ou conservar.

As obrigas establecidas no parágrafo anterior serán tamén esixibles a quen, carecendo de título habilitante, apareza como responsable da prestación do servizo, da instalación ou da explotación da rede ou do exercicio da actividade.

Artigo 77. *Responsabilidade polas infraccións en materia de telecomunicacións.*

A responsabilidade administrativa polas infraccións das normas reguladoras das telecomunicacións será esixible:

a) No caso de incumprimento das condicións dun título habilitante, ó titular deste ou a quen instale, instálase ou explote a rede.

b) Nas cometidas con motivo da prestación dos servizos ou o establecemento e explotación das redes de telecomunicacións sen o correspondente título habilitante, á persoa física ou xurídica que realice a actividade ou, subsidiariamente, á que teña a dispoñibilidade dos equipos e instalacións por calquera título xurídico válido en dereito ou carecendo deste.

c) Nas cometidas polos usuarios ou por outras persoas que, sen estaren comprendidas nas alíneas anteriores, realicen actividades reguladas na normativa sobre telecomunicacións, á persoa física ou xurídica a actuación da cal que se atope tipificada polo precepto infrinxido ou á que as normas correspondentes atribúen especificamente a responsabilidade.

Artigo 78. *Clasificación das infraccións.*

As infraccións das normas reguladoras das telecomunicacións clasifícanse en moi graves, graves e leves.

Artigo 79. *Infraccións moi graves.*

Considéranse infraccións moi graves:

1. A realización de actividades ou a prestación de servizos de telecomunicacións sen título habilitante cando sexa legalmente necesario ou utilizando parámetros técnicos diferentes dos propios del e a utilización de potencias de emisión notoriamente superiores ás permitidas ou de frecuencias radioeléctricas sen autorización ou distintas das autorizadas, sempre que, nestes dous últimos casos, se produzan danos graves ás redes ou á prestación dos servizos de telecomunicacións.

2. A instalación de terminais ou de equipos conectados ás redes públicas de telecomunicacións non homologados ou que carezan, consonte os artigos 55 e 59, do certificado de aceptación das especificacións técnicas ou de título equivalente, se se producen danos moi graves a aquelas.

3. A produción deliberada de interferencias definidas como prexudiciais no Convenio internacional de telecomunicacións, incluídas as causadas por estacións de radiodifusión que estean instaladas ou en funcionamento a bordo dun buque, dunha aeronave ou de calquera outro obxecto flotante ou aerotransportado que transmita emisións desde fóra do territorio español para a súa posible recepción total ou parcial, neste.

4. A negativa ou a obstrución a ser inspeccionado, e a non colaboración coa inspección cando esta sexa requirida.

5. O incumprimento grave ou reiterado das obrigas de servizo público, segundo o establecido no Título III.

6. A interceptación, sen autorización, de telecomunicacións non destinadas ó público en xeral.

7. A divulgación do contido ou da simple existencia, de mensaxes non destinadas ó público en xeral, emitidas ou recibidas a través de servizos de telecomunicacións, ás que se acceda mediante a interceptación voluntaria ou involuntaria, a súa publicación ou calquera outro uso delas sen a debida autorización.

8. A importación, a fabricación en serie e a comercialización por distribuidores por xunto de equipos ou aparellos que non dispoñan dos certificados de homologación e de aceptación das especificacións técnicas que se establezan de acordo con esta Lei, ou que resulten dos acordos ou convenios internacionais celebrados polo Estado español.

9. O uso, en condicións distintas ás autorizadas, do espectro radioeléctrico que provoque alteracións que impidan a correcta prestación doutros servizos por operadores que dispoñan do correspondente título habilitante.

10. O incumprimento por parte das persoas físicas ou xurídicas autorizadas para explotar redes públicas de telecomunicacións ou para prestar servizos de telecomunicacións accesibles ó público, das obrigas en materia de interconexión ás que estean sometidas pola lexislación vixente.

11. O incumprimento reiterado da obriga de manter os niveis de calidade establecidos para a prestación dos servizos.

12. O incumprimento das condicións determinantes da adxudicación e asignación dos recursos de numeración incluídos nos Plans de Numeración, debidamente aprobados.

13. Permiti-lo emprego de enlaces procedentes do exterior do territorio nacional que se faciliten a través de satélites cun uso que non fose previamente autorizado.

14. O incumprimento das instrucións dictadas pola Comisión do Mercado de Telecomunicacións, no ámbito das súas competencias, sobre salvagarda da libre competencia no mercado.

15. O incumprimento das resolucións adoptadas pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións no exercicio das súas funcións, con excepción das que leve a cabo no procedemento arbitral, logo de sometemento voluntario das partes.

16. O incumprimento grave ou reiterado polos titulares de autorizacións xerais, de licencias individuais ou de concesións das condicións esenciais que se lles imponían ou dos acordos adoptados pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións, no exercicio da facultade de interpretación das súas cláusulas xerais e especiais.

17. O incumprimento reiterado dos requirimentos de información formulados pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións ou polo órgano competente da Administración do Estado, no exercicio das súas correspondentes funcións.

18. Na falta de notificación á Administración polo titular dunha rede de telecomunicacións, dos servizos que se están prestando a través dela, cando esta información sexa esixible de acordo coa normativa aplicable.

19. A transmisión total ou parcial de licencias individuais, sen a preceptiva autorización administrativa.

20. O incumprimento da porcentaxe de participación estranxeira en entidades habilitadas para levar a cabo actividades reguladas nesta Lei, consonte o establecido no artigo 17.1.

21. O incumprimento grave e reiterado polos titulares dos laboratorios designados, das obrigas que regulamentariamente se establezan para o seu funcionamento ou das derivadas da súa acreditación ou concerto, no proceso de avaliación dos aparellos de telecomunicacións, de conformidade coas especificacións técnicas que lles sexan de aplicación. A mesma regra resultará de aplicación ás entidades colaboradoras da Adminis-

tración que presten, en nome desta, o servizo de avaliación de conformidade dos aparellos de telecomunicacións.

22. A comisión, no prazo dun ano, de dúas ou máis infraccións graves sancionadas con carácter definitivo.

Artigo 80. *Infraccións graves.*

Considéranse infraccións graves:

1. O incumprimento das obrigas de servizo público, segundo o establecido no Título III, agás que deba considerarse como infracción moi grave, consonte o previsto no artigo anterior.

2. A distribución, a venda ou a exposición para a venda de equipos ou aparellos que non dispoñan dos certificados de homologación e de aceptación das especificacións técnicas que se establezan conforme esta Lei ou que resulten dos acordos ou convenios internacionais celebrados polo Estado español sobre normalización e homologación, e na falta de notificación do seu cambio de titularidade, cando deba facerse.

3. A instalación de terminais ou equipos conectados ás redes públicas non homologados ou que carezan, consonte os artigos 55 e 59, do certificado acreditativo do cumprimento das especificacións técnicas ou dos títulos equivalentes e o incumprimento do disposto no artigo 53.1 respecto ó acceso ó interior dos edificios e á instalación neles da rede.

4. A alteración, a manipulación ou a omisión das características técnicas, das marcas, das etiquetas ou dos signos de identificación dos equipos ou dos aparellos de telecomunicacións.

5. A realización de actividades no ámbito das telecomunicacións sen título habilitante cando sexa legalmente necesario, ou utilizando parámetros técnicos diferentes dos esixidos por el, así como a utilización de potencias de emisión notoriamente superiores ás permitidas ou de frecuencias radioeléctricas sen autorización ou distintas das autorizadas, sempre que as referidas conductas non constitúan infracción moi grave, de acordo co establecido no artigo 79.1.

6. O incumprimento polas entidades colaboradoras da Administración para a normalización e a homologación das prescricións técnicas e do contido das autorizacións ou dos concertos que lles afecten, consonte o que regulamentariamente se determine.

7. A instalación de estacións radioeléctricas sen licencia ou autorización, cando, de acordo co disposto na normativa reguladora das telecomunicacións, sexan necesarias ou de estacións de radiodifusión a bordo dun buque, dunha aeronave ou de calquera outro obxecto flotante ou aerotransportado que, no mar ou fóra del, posibilite a transmisión de emisións desde o exterior para a súa posible recepción total ou parcial en territorio nacional.

8. Os seguintes actos de colaboración cos usuarios de buques ou aeronaves, xa sexan nacionais ou de bandeira estranxeira, efectuados deliberadamente e que possibiliten a produción das infraccións previstas no punto 3 do artigo 79 e no punto 7 deste artigo:

a) A subministración, o mantemento ou a reparación do material que incorpore o buque ou a aeronave.

b) O seu aprovisionamento ou abastecemento.

c) A subministración de medios de transporte ou o transporte de persoas ou de material ó buque ou á aeronave.

d) O encargo ou a realización de producións de todo tipo, desde buques ou aeronaves, incluída a publicidade, destinada á súa difusión por radio.

e) A prestación de servizos relativos á publicidade das estacións instaladas nos buques ou nas aeronaves.

f) Calquera outro acto de colaboración para a comisión dunha infracción en materia de telecomunicacións mediante o uso de buques ou aeronaves.

9. A simple produción de interferencias definidas como prexudiciais no Convenio internacional de telecomunicacións que non se atopen comprendidas no artigo anterior.

10. A emisión de sinais de identificación falsos ou enganosos.

11. A utilización dos servizos de telecomunicacións polo habilitado para os prestar para fins distintos dos autorizados.

12. O uso, en condicións distintas das autorizadas, do espectro radioeléctrico, que provoque alteracións que dificulten gravemente a correcta prestación doutros servizos para os que outros operadores dispoñan do correspondente título habilitante.

13. No atende-lo requirimento feito pola autoridade competente para o cesamento das emisións radioeléctricas, nos supostos de produción de interferencias.

14. O establecemento de comunicacións con estacións non-autorizadas.

15. O incumprimento por parte dos titulares de autorizacións xerais ou de licencias individuais, das condicións esenciais que lles resulten esixibles, agás que deba considerarse como infracción moi grave, consonte o previsto no artigo anterior.

16. A comisión, no prazo dun ano, de dúas ou máis infraccións leves.

17. Calquera outro incumprimento grave das obrigas dos prestadores e usuarios de redes e servizos de telecomunicacións, previsto nas leis vixentes, agás que deba ser considerado como infracción moi grave, consonte o disposto no artigo anterior.

Artigo 81. *Infraccións leves.*

Considéranse infraccións leves:

1. A produción de calquera tipo de emisión radioeléctrica non-autorizada, agás que deba ser considerada como infracción grave ou moi grave.

2. A simple produción de interferencias, cando non deba ser considerada como infracción moi grave ou grave.

3. No facilita-los datos requiridos pola Administración, cando resulte esixible consonte o previsto pola normativa reguladora das telecomunicacións.

4. Carecer dos preceptivos cadros de tarifas ou de prezos, cando a súa exhibición sexa esixida pola normativa vixente.

5. Calquera outro incumprimento das obrigas impostas ós explotadores e usuarios de servizos e redes de telecomunicacións, previsto nas leis vixentes, agás que deba ser considerado como infracción grave ou moi grave, consonte o disposto nos artigos anteriores.

Artigo 82. *Sancións.*

1. O Ministerio de Fomento ou a Comisión do Mercado das Telecomunicacións imporán, no ámbito das súas respectivas competencias, as seguintes sancións:

A) Por cometer infraccións moi graves, imporáselle ó infractor unha multa por un importe non inferior ó tanto, nin superior ó quintuplo, do beneficio bruto obtido como consecuencia dos actos ou omisións en que consista a infracción; ou, en caso de que non resulte posible aplicar este criterio ou da súa aplicación resultase unha cantidade inferior á maior das que a continuación se indican, esta última constituirá o importe da sanción pecuniaria. Para estes efectos, consideraranse as seguintes cantidades: o 1 por 100 dos ingresos brutos anuais

obtidos pola entidade infractora no último exercicio ou, en caso de inexistencia destes, no exercicio actual; o 5 por 100 dos fondos totais, propios ou alleos, utilizados na infracción, ou 100.000.000 de pesetas.

As infraccións moi graves, en función das súas circunstancias, poderán dar lugar á revogación da autorización ou licenza, nos termos establecidos nos capítulos II e III do Título II desta Lei.

B) Por cometer infraccións graves, imporáselle ó infractor unha multa por un importe de ata o duplo do beneficio bruto obtido como consecuencia dos actos ou omisións que constitúan aqueles ou, en caso de que non resulte aplicable este criterio ou da súa aplicación resultar unha cantidade inferior á maior das que a continuación se indican, esta última constituirá a sanción pecuniaria. Para estes efectos, consideraranse as seguintes cantidades: o 0,5 por 100 dos ingresos brutos anuais obtidos pola entidade infractora no último exercicio ou, en caso de inexistencia destes, no exercicio actual; o 2 por 100 dos fondos totais, propios ou alleos, utilizados na infracción, ou 50.000.000 de pesetas.

As infraccións graves, en función das súas circunstancias, poderán comportar amoestación pública, con publicación no «Boletín Oficial del Estado» e en dous xornais de difusión nacional, unha vez que a resolución sancionadora teña carácter firme.

C) Por cometer infraccións leves imporáselle ó infractor unha multa por un importe de ata 5.000.000 de pesetas.

As infraccións leves, en función das súas circunstancias, poderán comportar unha amoestación privada.

2. Cando se trate de infraccións cometidas por prestadores de servizos de radiodifusión ou de televisión, as infraccións leves serán sancionadas con multa de ata 5.000.000 de pesetas, as graves con multa de ata 50.000.000 de pesetas e as moi graves con multa de ata 100.000.000 de pesetas.

En todo caso, a contía da sanción que se impoña, dentro dos límites indicados, graduarase tendo en conta, ademais do previsto no artigo 131.3 da Lei 30/1992, o seguinte:

a) A gravidade das infraccións cometidas anteriormente polo suxeito que se sanciona.

b) A repercusión social das infraccións.

c) O dano causado.

d) O beneficio que lle reportase ó infractor o feito obxecto da infracción.

Ademais, para a fixación da sanción terase en conta a situación económica do infractor, derivada do seu patrimonio, dos seus ingresos, das súas cargas familiares e das demais circunstancias persoais que acredite que o afectan.

Nas infraccións previstas nos puntos 1 do artigo 79 e 5 do artigo 80, ademais da sanción correspondente, o infractor estará obrigado ó pagamento dos canons que deberían ter aboado no suposto de estar autorizado.

3. Sen prexuízo do establecido nos apartados 1 e 2 deste artigo, o Ministerio de Fomento ou a Comisión do Mercado das Telecomunicacións, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán adopta-las seguintes medidas:

A) As infraccións ás que se refiren os artigos 79 e 80 poderán dar lugar á adopción de medidas cautelares consistentes no precintado dos equipos ou instalacións que empregase o infractor por un prazo máximo de seis meses.

Cando o infractor careza de título habilitante ou o seu equipo non estea homologado, manteranse as medidas cautelares previstas no parágrafo anterior ata a resolución do procedemento, ou ata a homologación.

As sancións impostas por calquera das infraccións comprendidas nos artigos 79 e 80, cando se requira

título habilitante para o exercicio da actividade realizada polo infractor, poderán comportar, como sanción accesorias, o precintado ou a incautación dos equipos ou aparellos ou a clausura das instalacións entremetres non se dispoña do referido título.

B) As infraccións moi graves, en razón das circunstancias que afecten o feito infractor, poderán dar lugar á revogación definitiva do título habilitante para a prestación do correspondente servizo.

Así mesmo, poderá acordarse, como medida de aseguramento da eficacia da resolución definitiva que se dicte, a suspensión provisional da eficacia do título e a clausura provisional das instalacións, por un prazo máximo de seis meses.

4. As contías sinaladas neste artigo serán actualizadas periodicamente polo Goberno, tendo en conta a variación dos índices de prezos ó consumo.

Artigo 83. *Prescrición.*

1. As infraccións reguladas nesta Lei prescribirán, as moi graves, ós tres anos; as graves, ós dous anos, e as leves, ós seis meses.

O prazo de prescrición das infraccións comezase a computar desde o día en que se cometesen. A iniciación do procedemento sancionador, con coñecemento do interesado, interromperá a prescrición. O prazo de prescrición volverá a correr se o expediente sancionador estiver paralizado durante máis dun mes, por causa non imputable ó presunto responsable.

No suposto de infracción continuada, o prazo de prescrición non comezará a contar ata o momento en que deixe de realizarse a actividade infractora. Non obstante, entenderase que persiste a infracción entremetres os equipos, aparellos ou instalacións obxecto do expediente non se atopen ó dispor da Administración ou quede constancia fidedigna da súa imposibilidade de uso.

2. As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán ós tres anos, as impostas por faltas graves ós dous anos e as impostas por faltas leves ó ano. O prazo de prescrición das sancións comezase a computar desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción. A iniciación do procedemento de execución, con coñecemento do interesado, interromperá a prescrición, e o prazo volverá correr se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ó infractor.

Artigo 84. *Competencias sancionadoras.*

A competencia sancionadora corresponderá:

1. Á Comisión do Mercado das Telecomunicacións, cando se trate de infraccións moi graves, graves ou leves derivadas do incumprimento das resolucións, instrucións e requirimentos emanados deles, de acordo coa normativa reguladora da súa actividade. Dentro da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, a imposición de sancións corresponderalle:

- a) Ó Pleno da Comisión, respecto das infraccións moi graves e graves.
- b) Ó presidente da Comisión, en canto ás leves.

2. Cando se trate de infraccións non incluídas no punto anterior e, no ámbito de competencias da Administración Xeral do Estado, a imposición de sancións corresponderalle:

- a) Ó Consello de Ministros, respecto das infraccións moi graves cometidas por prestadores de servizos de radiodifusión e de televisión,
- b) Ó ministro de Fomento, en relación coas infraccións graves cometidas por prestadores de servizos de radiodifusión e de televisión,

c) Ó secretario xeral de Comunicacions, respecto das infraccións leves cometidas polos prestadores de servizos de radiodifusión e de televisión, e das moi graves, as graves e as leves, no resto dos casos.

Artigo 85. *Procedemento sancionador.*

1. O exercicio da potestade sancionadora polo Ministerio de Fomento, de acordo co artigo 76 desta Lei, suxeitarase ó procedemento aplicable, con carácter xeral, á actuación das administracións públicas.

2. Regulamentariamente, regularase o procedemento para o exercicio da potestade sancionadora pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións. Tal procedemento estará baseado nos principios de axilidade e eficacia, sen menoscabo da aplicación dos recollidos no Título IX da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Disposición adicional primeira. *Uso especial do espectro radioeléctrico por radioaficionados e outros dereitos de uso sen contido económico.*

Terán a consideración de uso especial do dominio público, o do espectro radioeléctrico por radioaficionados e outros sen contido económico, como os de banda cidadá. O dereito de uso outorgarase mediante autorización administrativa individualizada, nos termos que se establezan mediante Orde ministerial.

Disposición adicional segunda. *Aplicación excepcional da Lei de Contratos das Administracións Públicas.*

Os títulos habilitantes para a prestación de servizos de telecomunicacións ou para o establecemento ou explotación de redes públicas de telecomunicacións mediante licenza individual, seralles de aplicación o réxime previsto na Lei de Contratos das Administracións Públicas cando se lles impoñan ós seus titulares obrigas de servizo público das recollidas no artigo 35. Así mesmo, será de aplicación a referida Lei, no relativo ó procedemento de adxudicación, cando exista limitación do número de licencias, de conformidade co establecido no artigo 21.

A Lei de Contratos das Administracións Públicas non será de aplicación ós restantes aspectos dos títulos habilitantes regulados nesta lei, agás no que así dispoña expresamente esta.

Malia o anterior, a Orde ministerial que, de acordo co disposto no artigo 11, regule as autorizacións xerais, poderá, cando impoña determinadas condicións de servizo público ós seus titulares, establece-la aplicación a estes de determinados artigos da citada Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Disposición adicional terceira. *Limitacións e servidumes.*

1. As limitacións á propiedade e as servidumes ás que fai referencia o punto 2 do artigo 48 desta Lei poderán afectar:

- a) A altura máxima dos edificios.
- b) A distancia mínima á que poderán situarse industrias e instalacións eléctricas de alta tensión e liñas férreas electrificadas.
- c) A distancia mínima á que poderán instalarse transmisores radioeléctricos.

Coa excepción da normativa legal vixente aplicable á defensa nacional e á navegación aérea, non poderán establecerse, por vía regulamentaria, limitacións á propiedade nin servidumes que conteñan condicións máis gravosas cás seguintes:

Para distancias inferiores a 1.000 metros, o ángulo sobre a horizontal co que se observe, desde a parte superior das antenas receptoras de menor altura da estación, o punto máis elevado dun edificio, será como máximo de tres graos.

A máxima limitación esixible de separación entre unha industria ou unha liña de tendido eléctrico de alta tensión ou de ferrocarril e calquera das antenas receptoras da estación será de 1000 metros.

A instalación de transmisores radioeléctricos nas proximidades da estación realizarase coas seguintes limitacións:

Gama de frecuencias	Potencia radiada aparente do transmisor en dirección á instalación que haxa que protexer — Quilovatios	Máxima limitación esixible de separación entre instalacións que haxa que protexer e antena do transmisor — Quilómetros
$f \leq 30$ MHz	$0,01 < P \leq 1$ $1 < P \leq 10$ $P > 10$	2 10 20
$f > 30$ MHz	$0,01 < P \leq 1$ $1 < P \leq 10$ $P > 10$	1 2 5

2. As limitacións de intensidade de campo eléctrico esixiranse para aquelas instalacións con equipos que teñan unha alta sensibilidade. Enténdese que utilizan equipos de alta sensibilidade as instalacións dedicadas á investigación. Para as instalacións de radioastronomía e astrofísica estas limitacións serán as seguintes:

A) Para as estacións de radioastronomía, a limitación estará en función das frecuencias de observación cuns niveis máximos permitidos de intensidade de campo comprendidos entre os seguintes valores:

- a) Para a observación do «continuum»:
- 175 dB ($\mu\text{V}/\text{m}$) para $f = 13,385$ MHz e
 - 87 dB ($\mu\text{V}/\text{m}$) para $f = 270$ GHz.

- b) Para a observación das raias espectrais:
- 178 dB ($\mu\text{V}/\text{m}$) para $f = 327$ MHz e
 - 105 dB ($\mu\text{V}/\text{m}$) para $f = 265$ GHz.

B) Para a protección das instalacións de observatorios de astrofísica, a limitación da intensidade de campo eléctrico, en calquera frecuencia, será do 88,8 dB ($\mu\text{V}/\text{m}$) na localización do observatorio.

3. Para un mellor aproveitamento do espectro radioeléctrico, a Administración poderá impoñer, nas instalacións, a utilización daqueles elementos técnicos que melloren a compatibilidade radioeléctrica entre estacións.

Disposición adicional cuarta. *Significado dos termos empregados por esta Lei.*

Para os efectos da presente Lei, os termos definidos no anexo terán o significado que alí se lles asigna.

Disposición adicional quinta. *Modificacións da Lei 4/1980, do 10 de xaneiro, e da Lei 46/1983, do 26 de decembro.*

1. O parágrafo cuarto do artigo 2 da Lei 4/1980, do Estatuto de Radio e Televisión, do 10 de xaneiro, queda redactado do seguinte xeito:

«A atribución de frecuencias efectuaráa o Goberno, en aplicación dos acordos e convenios inter-

nacionais e das resolucións ou directrices dos Organismos internacionais que vinculen o Estado español.»

2. O parágrafo primeiro do artigo 5 da Lei 4/1980 queda redactado do seguinte xeito:

«A xestión directa dos servicios públicos de radiodifusión e de televisión exercerase a través do ente público RTVE.»

3. A disposición adicional primeira da Lei 46/1983, reguladora da Terceira Canle de Televisión, do 26 de decembro, terá a seguinte redacción:

«A emisión e transmisión de sinais da terceira canle de televisión efectuarase a través de ondas hertzianas, consonte o disposto no artigo 2, puntos 2 e 4, da Lei 4/1980, do 10 de xaneiro.»

Disposición adicional sexta. *A entidade pública empresarial da Rede Técnica Española de Televisión.*

1. A Rede Técnica Española de Televisión configúrase como entidade pública empresarial, consonte o previsto no artigo 43.1.b) da Lei 6/1997, do 14 de abril, de Organización e Funcionamento da Administración Xeral do Estado. A dita entidade queda adscrita ó Ministerio de Fomento, a través da Secretaría Xeral de Comunicacions.

2. A entidade pública empresarial da Rede Técnica Española de Televisión ten personalidade xurídica propia, plena capacidade de obrar e patrimonio propio e rexe-rase polo establecido nesta disposición adicional, no seu propio Estatuto, na citada Lei 6/1997 e nas demais normas que lle sexan de aplicación.

3. Constitúe o obxecto da entidade pública empresarial, a xestión, administración e disposición dos bens e dereitos que integran o seu patrimonio, correspondéndolle a tenencia, administración, adquisición e alleamento dos títulos representativos do capital das sociedades nas que participe ou poida participar no futuro. A entidade pública empresarial actuará, en cumprimento do seu obxecto, conforme a criterios empresariais.

Para o cumprimento do seu obxecto, a entidade pública empresarial poderá realizar toda clase de actas de administración e disposición previstos na lexislación civil e mercantil. Así mesmo, poderá realizar cantas actividades comerciais ou industriais estean relacionadas co dito obxecto, consonte o acordado polos órganos de goberno. Poderá actuar, incluso, mediante sociedades participadas por ela.

4. O réxime de contratación, de adquisición e de alleamento da entidade acomodarse ás normas establecidas en dereito privado, sen prexuízo do determinado na Lei 13/1995, do 18 de maio, de Contratos das Administracións Públicas.

5. O réxime patrimonial da entidade pública empresarial axustarase ás previsións do artigo 56 da Lei 6/1997. Emporiso, os actos de disposición e alleamento dos bens que integran o seu patrimonio rexeranse polo dereito privado.

6. A contratación do persoal por parte da entidade pública empresarial suxeitarase ó dereito laboral, de acordo coas previsións contidas no artigo 55 da Lei 6/1997.

7. O réxime orzamentario, o económico-financieiro, o de contabilidade, o de intervención e o de control financeiro da entidade pública empresarial será o establecido na Lei Xeral Orzamentaria, de acordo co previsto no artigo 58 e na disposición transitoria terceira da Lei 6/1997.

8. A entidade pública empresarial financiarase con cargo ós Orzamentos Xerais do Estado e mediante os ingresos derivados do exercicio da súa actividade.

9. Por acordo do Consello de Ministros, poderase converter a entidade pública empresarial en sociedade mercantil.

Disposición adicional sétima. *Coordinación da Comisión do Mercado das Telecomunicacións co Tribunal de Defensa da Competencia.*

O exercicio das súas funcións pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións realizarase con pleno respecto ás competencias que a Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, lles atribúe ós órganos de defensa da competencia.

Cando a Comisión do Mercado das Telecomunicacións detecte a existencia de indicios de prácticas restrictivas da competencia prohibidas pola Lei de defensa da competencia, porao en coñecemento do Servizo de Defensa da Competencia, achegando tódolos elementos de feito ó seu alcance e, se é o caso, un dictame non vinculante sobre a cualificación que lle merecen. Iso enténdese sen prexuízo das funcións que á propia Comisión do Mercado das Telecomunicacións lle atribúe o artigo 1.dos.2.f) da Lei 12/1997, do 24 de abril, de Liberalización das Telecomunicacións.

Disposición adicional oitava. *Modificación da Lei 12/1997, do 24 de abril, de Liberalización das Telecomunicacións.*

O artigo 1.sete.2.b) da Lei 12/1997, do 24 de abril, de Liberalización das Telecomunicacións, queda redactado como segue:

«Os ingresos obtidos pola liquidación de taxas devengadas pola realización de actividades de prestación de servizos e de xestión do espazo público de numeración no suposto previsto no artigo 72 da Lei Xeral de telecomunicacións e, en xeral, os derivados do exercicio das competencias e funcións a que se refire o punto dous do presente artigo.

En particular, constituirán ingresos da comisión as taxas que se regulan nos artigos 71 e 74 da Lei xeral de telecomunicacións.

A recadación das taxas a que se refire o punto anterior corresponderalle á Comisión, sen prexuízo dos convenios que esta puidese establecer con outras entidades e da facultade executiva que lles corresponda a outros órganos do Estado en materia de ingresos de dereito público.»

Disposición adicional novena. *Réxime de libre concorrencia na prestación de servizos de difusión.*

Malia o establecido na disposición transitoria sétima desta Lei, os servizos portadores soporte de servizos de difusión distintos dos regulados na Lei 10/1988, do 3 de maio, de televisión privada; na Lei 4/1980, do 10 de xaneiro, do Estatuto da Radio e da Televisión, e na Lei 46/1983, do 26 de decembro, Reguladora da Terceira Canle de Televisión, prestaranse en réxime de libre concorrencia.

Disposición adicional décima. *Réxime especial aplicable a Canarias, en atención ás circunstancias de afastamento e insularidade.*

O Goberno, considerando as circunstancias de afastamento e insularidade de Canarias, desenvolverá especificamente as condicións de outorgamento e de xestión do dereito de uso do dominio público radioeléctrico no arquipélago, establecendo, así mesmo, prescricións concretas no Cadro Nacional de Atribución de Frecuencias

e nos Plans Técnicos Nacionais de Radiodifusión e de Televisión que propicien a integración das illas entre si e co territorio peninsular español.

Para os efectos da prestación do servizo universal de telecomunicacións no arquipélago canario e dentro do principio de libre competencia e do de igualdade de oportunidades entre operadores, o Goberno promoverá acordos para que o establecemento de demarcacións territoriais de tarifas ou prezos nas illas se realice respectando os criterios previstos no artigo 10 da Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias.

Disposición adicional décimo primeira. *Aplicación da lexislación reguladora das infraestructuras comúns nos edificios; da Lei 17/1997, do 3 de maio, modificada polo Real Decreto-lei 16/1997, do 11 de setembro, e da disposición adicional cuadraxésima cuarta da Lei 66/1996, do 30 de decembro.*

A lexislación, debidamente aprobada, que regule as infraestructuras comúns nos edificios para o acceso ós servizos de telecomunicación, manterá a súa vixencia e non quedará afectada pola entrada en vigor desta lei.

O mesmo ocorrerá coa Lei 17/1997, do 3 de maio, pola que se incorpora ó Dereito español a Directiva 95/47/CE, do 24 de outubro, do Parlamento Europeo e do Consello, sobre o uso de normas para a transmisión de sinais de televisión e se aproban medidas adicionais para a liberalización do sector, modificada polo Real Decreto-lei 16/1997, do 13 de setembro, e coa disposición adicional cuadraxésima cuarta da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e de Orde Social.

Disposición transitoria primeira. *Dereitos recoñecidos e títulos outorgados antes da entrada en vigor desta Lei.*

Respecto das normas en vigor no momento de aprobación desta Lei e dos dereitos recoñecidos e os títulos outorgados ó abeiro delas, será de aplicación o seguinte:

1. As normas dictadas e os dereitos recoñecidos ó abeiro do artigo 29 da Lei 31/1987, do 18 de decembro, de Ordenación das Telecomunicacións, modificada pola Lei 32/1992, do 3 de decembro, e pola Lei 12/1997, do 24 de abril, de Liberalización das Telecomunicacións, continuarán en vigor entremetres non se aproben as disposicións de desenvolvemento do Título IV desta Lei. Os títulos acreditativos do cumprimento polos equipos e aparellos da normativa ata agora vixente e a autorización para a súa comercialización e a súa conexión á rede e os de acreditación de laboratorios, continuarán vixentes e, así mesmo, poderanse outorgar novos títulos ó abeiro da citada normativa, entremetres non exista unha nova que desenvolva esta Lei.

2. As normas dictadas ó abeiro dos artigos 21 e 22 da Lei de Ordenación das Telecomunicacións, para regula-los servizos de valor engadido prestados en réxime de libre concorrencia, continuarán vixentes, sempre que non se opoñan ó previsto nesta Lei, ata que se dicte a orde ministerial á que se refire o artigo 11. Así mesmo, os títulos habilitantes outorgados ó seu amparo manterán a súa validez. Poderanse outorgar novos títulos consonte as referidas normas, ata que entre en vigor a orde ministerial anteriormente citada, que deberá establece-lo procedemento e os prazos de transformación dos ditos títulos en autorizacións xerais.

3. Respecto dos títulos habilitantes outorgados ó abeiro dos artigos 10 e 23 da Lei de Ordenación das Telecomunicacións, conservarán a súa eficacia, nos ter-

mos establecidos nesta Lei. No prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta Lei, os interesados deberán solicitar do órgano que outorgou o título a súa transformación nunha autorización xeral para a instalación ou explotación dunha rede privada de telecomunicacións. Todo iso enténdese sen prexuízo do establecido no Título V respecto do uso do espectro radioeléctrico e no punto 5 desta disposición transitoria.

O título habilitante transformado non amparará a instalación e utilización da rede como rede pública de telecomunicacións. Esta utilización tan só poderá efectuarse, logo de obtención da correspondente licenzia individual, de conformidade co disposto nesta Lei.

4. As redes que viñan sendo explotadas e os servizos que viñan prestándose, ó abeiro dos artigos 11 e 12 da Lei de Ordenación das Telecomunicacións, continuarán suxeitos ó mesmo réxime, de acordo co previsto no artigo 7.3, parágrafo primeiro, desta Lei.

Non obstante o anterior, no suposto de que as citadas redes vaian ser explotadas como públicas ou os referidos servizos prestados para o público en xeral, os operadores deberán, no prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta Lei, obter a correspondente transformación do título habilitante nos termos e condicións establecidos no artigo 7.3, parágrafo segundo. Igualmente, o seu titular estará, en todo caso, suxeito ó pagamento do canon previsto no artigo 73.

5. En relación coa normativa vixente, antes da entrada en vigor desta Lei sobre o uso do dominio público radioeléctrico, será de aplicación o seguinte:

a) As normas de desenvolvemento da Lei de Ordenación das Telecomunicacións sobre o dominio público radioeléctrico, tanto os regulamentos como os plans de atribución de frecuencias ou as Ordes ministeriais sobre o uso especial del, continuarán en vigor, sempre que non se opoñan a esta Lei e coas salvidades que se establecen nos parágrafos seguintes.

b) O uso común especial do dominio público radioeléctrico continuará rexéndose pola normativa vixente no momento da publicación da presente Lei. En particular, no que se refire ó uso do espectro radioeléctrico correspondente ás bandas asignadas ós radioaficionados e á banda cidadá, manterán a súa validez os títulos habilitantes anteriormente existentes, podendo outorgarse, nas mesmas condicións, novos títulos, entremetres non se dicte a normativa que substitúa a actualmente en vigor, de acordo coa disposición adicional primeira.

c) En canto ó uso privativo do dominio público radioeléctrico sen limitación do número de titulares, tanto a normativa existente como os títulos outorgados ó seu amparo, manterán a súa vixencia. Estes últimos perderán eficacia no momento en que finalice o prazo polo que se outorgaron.

Respecto dos títulos outorgados dentro do prazo de dous anos contados a partir da entrada en vigor desta Lei, rexeranse polo disposto na normativa existente no momento da súa entrada en vigor que lles sexa de aplicación, ata a finalización do seu prazo de vixencia. Malia o anterior, se con anterioridade á expiración do dito prazo entrase en vigor a normativa de desenvolvemento desta Lei, os títulos outorgados con posterioridade á dita entrada en vigor rexeranse pola citada normativa. En todo caso, ós títulos concedidos con posterioridade ó termo do citado prazo de dous anos seralles de aplicación o disposto nesta Lei.

No prazo de dous anos, contados desde a entrada en vigor desta Lei, deberán aprobarse as normas previstas nela para o outorgamento das licenzias individuais que faculen para o uso do dominio público radioeléctrico.

d) Respecto do uso privativo do dominio público radioeléctrico con limitación de frecuencias, aplicarase o réxime de limitación de licenzias. O número de licenzias

individuais limitarase cando así se esixa na normativa dictada ó abeiro da disposición adicional oitava da Lei de Ordenación das Telecomunicacións, no Cadro Nacional de Atribución de Frecuencias actualmente vixente ou nos Plans Técnicos Nacionais en vigor en materia de radiodifusión e de televisión.

Nos supostos previstos no punto anterior, e ata que se aprobe, nun prazo máximo de dous anos desde a entrada en vigor desta Lei, o regulamento que estableza o procedemento de transformación do título existente no regulado no artigo 20, será de aplicación a normativa vixente no momento da entrada en vigor desta Lei.

Non se poderán outorgar novas licenzias individuais para o uso do dominio público radioeléctrico se hai limitación do seu número ata que non se aprobe a Orde ministerial correspondente, de conformidade co previsto nos artigos 20 e 21.

6. En canto á normativa aplicable en materia de dereitos especiais ou exclusivos e ós títulos habilitantes outorgados ó seu abeiro, rexerán as seguintes normas:

a) Para os efectos desta disposición transitoria, terán a consideración de títulos habilitantes que outorguen dereitos especiais ou exclusivos os seguintes:

Os títulos habilitantes concedidos consonte os artigos 13 e seguintes da Lei de Ordenación das Telecomunicacións, en materia de servizos portadores e finais.

Os títulos habilitantes outorgados ó abeiro da Lei 42/1995, do 22 de decembro, das Telecomunicacións por Cable, modificada polo artigo 3 da Lei 12/1997, do 24 de abril, de liberalización das telecomunicacións.

Os títulos habilitantes concedidos ó abeiro da disposición adicional oitava da Lei de Ordenación das Telecomunicacións, con limitación do número de concesionarios.

Calquera outro non referido nos apartados anteriores que outorgue dereitos para a explotación das redes ou para a prestación dos servizos de telecomunicacións, con carácter exclusivo ou nos que estivese previsto que o número de prestadores sexa limitado.

b) A normativa de desenvolvemento da lexislación vixente ata a entrada en vigor desta Lei tan só será de aplicación no que non se opoña a ela e, en especial, ás normas sobre libre competencia.

c) Os títulos outorgados ó abeiro da normativa á que se refire a letra b) deberán ser transformados en novos títulos, de conformidade co previsto nesta Lei, antes do 1 de agosto de 1999.

d) Nas demarcacións ás que se refire o artigo 2 da Lei 42/1995, do 22 de decembro, de Telecomunicacións por Cable, respecto das que se adxudicasen concursos ou se iniciase o procedemento para a súa adxudicación antes da entrada en vigor desta Lei, «Telefónica de España, Sociedad Anónima», non poderá iniciar a prestación do servizo ata transcorridos dezaseis meses, contados desde a resolución que outorgue a concesión para a prestación do servizo de telecomunicacións por cable.

O Goberno, por proposta da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, poderá atrasar ata un máximo de vinte e catro meses ou adiantar-la data de inicio das actividades de «Telefónica de España, Sociedad Anónima», relativas á prestación do servizo de telecomunicacións por cable, nos mencionados ámbitos territoriais, nos supostos en que tal medida resulte necesaria para a existencia dunha competencia efectiva no referido ámbito e non se prexudiquen os intereses dos usuarios.

Para os efectos previstos na letra c), os titulares de concesións ós que se refire este punto deberán, antes do 31 de agosto de 1998, solicitar do órgano administrativo que as outorgou a correspondente transformación do título habilitante.

O órgano administrativo que outorgou a concesión deberá dictar resolución expresa transformándoa, segundo proceda, conforme esta Lei, en licenza individual ou en autorización xeral. Na dita resolución deberá facerse declaración de anulación do título habilitante inicial, así como expresa referencia ós dereitos e obrigas derivados daquel, distintos dos que resultan da nova regulación, que se manteñen. En todo caso, aqueles dereitos e obrigas non poderán supoñer a conservación de vantaxes competitivas para os antigos titulares que sexan incompatibles co establecido nesta Lei ou o menoscabo das facultades de quen obtívese títulos habilitantes ó abeiro dela. A resolución transformadora poderá outorgala prórroga de determinados dereitos ata máis alá do 1 de agosto de 1999, sempre que iso non supoña o mantemento de dereitos especiais ou exclusivos, nin prexudique a outros operadores.

Para efectos de garanti-lo equilibrio entre os dereitos e as obrigas dos titulares de licencias outorgadas ó abeiro desta Lei e os que se establezan para os que obteñan a transformación dos títulos anteriormente outorgados, poderán ser establecidos pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións condicións para o cumprimento das obrigas de servizo público. Tomaranse, para iso, en consideración, as impostas conforme a lexislación anterior, e as derivadas da nova lexislación. Tamén poderán adoptarse medidas reequilibradoras, en relación coa aplicación das tarifas asimétricas, segundo o previsto no artigo 28 e na disposición transitoria cuarta.

Os dereitos e obrigas que se establezan, de conformidade co disposto no parágrafo anterior, non darán dereito a indemnización ós operadores por alteración do equilibrio económico das condicións nas que se outorgou o seu título habilitante.

7. Para os efectos previstos na alínea c) do punto anterior, corresponderalle transforma-los antigos títulos habilitantes, conforme esta disposición transitoria, ó órgano que, de conformidade coa lexislación anterior, os outorgase. O órgano competente deberá, se é o caso, comunicarlle a transformación á autoridade ou órgano que, de acordo con esta Lei, o sexa para outorgar títulos da mesma clase có resultante da transformación.

8. Os procedementos iniciados antes da entrada en vigor desta Lei continuarán tramitándose, ata o 31 de decembro de 1998, de conformidade co disposto na normativa anteriormente vixente. No poderán outorgarse novos títulos ó abeiro da normativa anterior, a partir da dita data, debendo continuarse os procedementos en curso, de conformidade co disposto nesta lei, validándose, se é o caso, as actuacións xa realizadas.

Disposición transitoria segunda. Limitación de licencias en función da escaseza do recurso público de numeración.

Por razóns de escaseza do recurso público de numeración e entremetres non se efectúen as asignacións e atribucións resultantes do vixente Plan Nacional de Numeración, poderá limitarse, ata o 1 de agosto de 1998, o número de licencias para a prestación dos servizos ou a explotación de redes de telecomunicacións que impliquen a utilización do referido recurso.

Disposición transitoria terceira. Operador inicialmente dominante.

Para os efectos da prestación do servizo universal e de acordo co sinalado no artigo 38.1, entenderase que o operador inicialmente dominante é «Telefónica de España, Sociedad Anónima». Emporiso, durante o ano 2005, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións determinará se, a partir do 1 de xaneiro do ano 2006,

a citada sociedade conserva ou non, en cada ámbito territorial, a consideración de operador dominante.

Disposición transitoria cuarta. Fixación de prezos e recarga sobre eles.

A Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, logo de informe da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, poderá fixar, transitoriamente, prezos fixos máximos e mínimos ou os criterios para a súa fixación e os mecanismos para o seu control, en función dos custos reais da prestación do servizo e do grao de concorrencia de operadores no mercado. Para determinalo citado grao de concorrencia, analizarase a situación propia de cada un dos distintos servizos, de forma tal que se garanta a concorrencia, o control das situacións de abuso de posición dominante e o acceso a aqueles de tódolos cidadáns a prezos asequibles. Para estes efectos, os operadores de redes ou servizos estarán obrigados a subministrar información pormenorizada sobre os seus custos, atendendo os criterios e condicións que se fixan regulamentariamente. En todo caso, a dita información deberá ser relevante para os fins da regulación dos prezos e, así mesmo, deberá subministrarse acompañada dun informe de conformidade emitido por unha empresa auditora independente.

Igualmente, a Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos poderá establecer unha recarga transitoria sobre os prezos de interconexión para cubri-lo déficit de acceso causado polo desequilibrio actual das tarifas, ata que estas se reequilibren, e para contribuír ó financiamento do servizo universal, entremetres non se constitúa o Fondo Nacional do Servizo Universal de Telecomunicacións ó que se refire o Título III desta Lei. As citadas recargas deberán aparecer reflectidas na información que se lles subministre ós usuarios, individualizándose suficientemente cada unha delas e diferenciándose dos prezos de interconexión.

Durante o período transitorio indicado na Lei 20/1997, do 19 de xuño, pola que se regula a Competencia do Goberno para a Fixación das Tarifas e Condicións de Interconexión, permanecerá en vigor esta.

Disposición transitoria quinta. Normas regulamentarias reguladoras da recadación de taxas e canons.

Ata que se aproben e entren en vigor as normas de desenvolvemento dos artigos 71, 73 e 74, seguirán sendo de aplicación as disposicións regulamentarias vixentes, que establecen os procedementos de recadación das taxas e dos canons, en desenvolvemento da Lei 31/1987, do 18 de decembro, de Ordenación das Telecomunicacións, modificada pola Lei 32/1992, do 3 de decembro.

Disposición transitoria sexta. Réxime aplicable ós servizos de radiodifusión e de televisión.

Os artigos 25 e 26 e a disposición adicional sexta da Lei 31/1987, do 18 de decembro, de Ordenación das Telecomunicacións, modificada pola Lei 32/1992, do 3 de decembro, relativos ós servizos de radiodifusión sonora e de difusión de televisión, seguirán vixentes ata que se aprobe a normativa específica que regule os referidos servizos.

Disposición transitoria sétima. Servizo portador soporte dos servizos de difusión.

1. Ata a finalización do prazo inicial de dez anos a que se refire o artigo 11 da Lei 10/1988, do 3 de maio, de Televisión Privada, continuará en vigor o réxime

xurídico de prestación do servizo portador soporte dos servizos de difusión, regulado polas Leis 4/1980, do 10 de xaneiro, do Estatuto da Radio e da Televisión; 46/1983, do 26 de decembro, reguladora da Terceira Canle de Televisión, e 10/1988, do 3 de maio, de Televisión Privada, e pola disposición adicional décimo segunda da Lei 31/1990, do 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 1991. Así mesmo, ata a terminación do referido prazo, aplicaranse as normas dictadas en desenvolvemento das disposicións citadas. O Ente Público da Rede Técnica Española de Televisión continuará prestando os citados servizos portadores, ata a finalización do indicado prazo, directamente ou a través da sociedade Retevisión, Sociedad Anónima, de acordo cos contratos celebrados entre ambos.

Para estes efectos, a prestación do servizo portador dos servizos de difusión comprenderá o transporte e a distribución dos sinais de difusión de televisión, desde o centro de recepción da entidade encargada de prestalo ata os centros emisores que constitúen a rede de difusión primaria. Tamén incluírá a emisión dos sinais deses servizos públicos de difusión, na correspondente zona de servizo, mediante as redes de difusión primaria, constituídas polos centros emisores, e as redes de difusión secundaria, integradas polos centros reemisores.

As Comunidades Autónomas que dispoñan de rede propia para a prestación do servizo portador soporte dos servizos de difusión de programas de carácter autónomo en funcionamento antes do 1 de xaneiro de 1997, deberán normalizala súa situación, debendo para iso outorgar seis frecuencias compatibles co Plan Técnico Nacional que aprobe o Goberno no prazo dun ano desde a entrada en vigor desta Lei.

Dictada a resolución pola que se asignan as frecuencias anteriormente citadas, procederase ó outorgamento ás ditas Comunidades Autónomas da correspondente licenza individual para a prestación do servizo portador soporte dos servizos de difusión.

2. Corresponderalle á Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, ata a finalización do prazo ó que fai referencia o punto anterior desta disposición transitoria, a autorización e modificación de tarifas pola prestación de servizos portadores soporte dos servizos de difusión de televisión recollidos nas leis 4/1980, do 10 de xaneiro, do Estatuto da Radio e Televisión; 46/1986, do 26 de decembro, Reguladora da Terceira Canle, e 10/1988, do 3 de maio, de Televisión Privada. En consecuencia, o establecido na disposición adicional sexta desta lei para o servizo portador de televisión non será aplicable ata o cumprimento do prazo ó que alude o punto 1 desta disposición transitoria.

Disposición transitoria oitava. *Contrato do Estado con «Telefónica de España, Sociedad Anónima».*

1. Se, consonte o punto 6 da disposición transitoria primeira desta Lei, Telefónica de España Sociedad Anónima, o 31 de agosto de 1998, non solicitase a transformación da súa actual concesión formalizada mediante o contrato celebrado co Estado, o 26 de decembro de 1991, nas correspondentes licencias individuais, entenderase que o contido daquela, no que non se opoña ó disposto nesta Lei, continúa vixente, como título habilitante para a prestación dos servizos ós que se refire.

2. Para efectos de fixa-lo contido dos dereitos e obrigas determinados no citado título concesional que manterían a súa eficacia trala entrada en vigor desta Lei, o Goberno, logo de audiencia a «Telefónica de España, Sociedad Anónima», informe da Comisión do Mercado das Telecomunicacións e dictame do Consello de Estado, adoptará o oportuno acordo.

3. De conformidade co disposto na cláusula terceira do contrato do 26 de decembro de 1991, formalizador

da concesión outorgada a «Telefónica de España Sociedad Anónima», non darán dereito a indemnización por alteración do equilibrio económico as modificacións derivadas da aplicación desta lei que afecten ó citado título habilitante. En particular, as referidas modificacións significan a necesidade de adecuación do réxime de dereitos especiais ou exclusivos ó réxime de libre concorrencia, a igualdade de trato entre os operadores e a imposición de obrigas ó operador dominante.

Disposición transitoria novena. *Prestación dos servizos ós que se refire o artigo 40.2. Especial consideración da entidade pública empresarial Correos y Telégrafos, da Dirección Xeral da Mariña Mercante e de «Telefónica de España, Sociedad Anónima».*

1. A entidade pública empresarial Correos y Telégrafos continuará prestando directamente os servizos de télex, telegráficos e outros de características similares, ós que alude o artigo 40.2.a) desta Lei, axustándose, se é o caso, ó que prevexa o Real Decreto ó que se refire o punto 3 do dito artigo. Con tal obxecto ou con calquera outro vinculado ós seus fins propios, a referida entidade pública empresarial poderá participar maioritariamente en sociedades, logo de autorización, por proposta do seu Consello de Administración, do ministro de Fomento.

2. Encoméndaselle á Dirección Xeral da Mariña Mercante a prestación dos servizos de seguridade da vida humana no mar ós que alude o artigo 40.2.a). Transitoriamente, durante un período de catro anos contados desde a entrada en vigor desta Lei, a citada Dirección Xeral prestará os ditos servizos a través dos operadores ou entidades que os estivesen xa prestando. Para iso, deberá formalizalos correspondentes contratos que substituirán os actualmente vixentes.

Ata que se poña en marcha o procedemento para a celebración do contrato previsto no parágrafo anterior, a compensación ó operador ou entidade a través da que se preste o servizo, farase de acordo co establecido no punto seguinte desta disposición.

3. Os servizos de correspondencia pública marítima establecidos no artigo 40.2.b) serán prestados por «Telefónica de España, Sociedad Anónima» durante un período de catro anos desde a entrada en vigor desta Lei. A obriga de levar a cabo esta prestación terase en conta para os efectos de establece-los criterios ós que se refire o artigo 41.2.a), respecto do custo que deberán soportalos distintos operadores ós que se impoñan obrigas de servizo público.

Disposición transitoria décima. *Réxime transitorio para a fixación das taxas establecidas nos artigos 71, 72 e 73.*

Ata que se fixen, de conformidade co que se establece na lexislación específica sobre taxas e prestacións patrimoniais de carácter público, os valores ós que se refiren os artigos 71, 72 e 73 desta Lei, será de aplicación o seguinte:

O importe da taxa anual que, consonte o artigo 71, os titulares de autorizacións xerais e de licencias individuais deben aboar pola prestación de servizos a terceiros será o resultado de aplica-lo tipo do 1,5 por 1.000 á cifra dos ingresos brutos de explotación que obteñan aqueles.

O valor de cada número para a fixación da taxa por numeración, a que se refire o artigo 72, será de 5 pesetas.

Ata que se fixe o importe da taxa por reserva do dominio público radioeléctrico, á que se refire o artigo 73 desta lei, será de aplicación o establecido na Orde do Ministerio de Obras Públicas, Transportes e Medio

Ambiente do 10 de outubro de 1994, de conformidade co disposto no Real Decreto-Lei 2/1996, do 26 de xaneiro, sobre determinadas prestacións patrimoniais de carácter público xestionadas pola Administración Xeral do Estado e os entes públicos dependentes dela.

Disposición transitoria décimo primeira. *Exercicio da potestade sancionadora pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións.*

Ata a entrada en vigor do regulamento de réxime sancionador ó que se refire o artigo 85.2 desta Lei, a potestade sancionadora que lle corresponde á Comisión do Mercado das Telecomunicacións exercerase de acordo coa normativa que, con carácter xeral, rexe o exercicio, pola Administración xeral do Estado, da referida potestade.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Sen prexuízo do disposto na disposición transitoria primeira desta Lei, quedan derogadas as seguintes disposicións:

A Lei 31/1987, do 18 de decembro, de Ordenación das Telecomunicacións, agás os artigos 25, 26, 36, punto 2, e a súa disposición adicional sexta.

A Lei 37/1995, do 12 de decembro, de Telecomunicacións por Satélite, agás o disposto para o réxime do servizo de difusión de televisión. En especial, manterán a súa vixencia o seu artigo 1.1, na parte que afecta a tales servizos, e as súas disposicións adicionais terceira, quinta, sexta e sétima.

A Lei 42/1995, do 22 de decembro, das Telecomunicacións por Cable, agás o disposto para o réxime do servizo de difusión de televisión. En especial, manterán a súa vixencia o artigo 9.2, primeiro parágrafo; o artigo 10; o artigo 11.1, e), f) e g); o artigo 12, e os apartados 1 e 2 da disposición adicional terceira.

Os artigos 2 e 3 e a disposición transitoria segunda da Lei 12/1997, do 24 de abril, de Liberalización das Telecomunicacións.

O artigo 170 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e da Orde Social.

Igualmente, quedan derogadas cantas outras disposicións de igual ou inferior rango á presente Lei se oponían ó disposto nela.

Disposición derradeira primeira. *Fundamento constitucional.*

Esta lei dítase ó abeiro do artigo 149.1.21.^a da Constitución española, agás no regulado nas disposicións transitorias sexta e sétima que ten a consideración de normativa básica, consonte o punto 1.27.^a do dito artigo.

Disposición derradeira segunda. *Competencias de desenvolvemento.*

O Goberno e o Ministro de Fomento, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán dictar as normas regulamentarias e as disposicións administrativas que requiran o desenvolvemento e a aplicación desta Lei.

Disposición derradeira terceira. *Refundición de textos legais.*

Autorízase o Goberno para dictar, no prazo dun ano desde a entrada en vigor desta Lei, un texto refundido das seguintes normas: as contidas nesta Lei; as que se establecen na Lei 12/1997, do 24 de abril, de Liberalización das Telecomunicacións, que regulan a Comi-

sión do Mercado das Telecomunicacións e as disposicións sobre televisión e radiodifusión establecidas na Lei 31/1987, de Ordenación das Telecomunicacións; na Lei 37/1995, de Telecomunicacións por Satélite, e na Lei 42/1995, das Telecomunicacións por Cable.

A refundición á que se refire o parágrafo anterior só afectará ás disposicións referidas ó servizo portador de radiodifusión e de televisión. Transitoriamente, tamén afectará a refundición ó resto das disposicións reguladoras dos servizos de radiodifusión e de televisión, ata que se aprobe a normativa específica que resulte de aplicación a estes, conforme a disposición transitoria sexta desta Lei.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor da Lei.*

A presente Lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades que cumpran e fagan cumprir esta Lei.

Madrid, 24 de abril de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

ANEXO Definicións

Telecomunicación: toda transmisión, emisión ou recepción de signos, sinais, escritos, imaxes, sons ou informacións de calquera natureza por fío, radioelectricidade, medios ópticos ou outros sistemas electromagnéticos.

Radiocomunicación: toda telecomunicación transmitida por medio de ondas radioeléctricas.

Rede de telecomunicacións: os sistemas de transmisión e, cando proceda, os equipos de conmutación e demais recursos que permitan a transmisión de sinais entre puntos de terminación definidos mediante cable, ou medios ópticos ou doutra índole.

Rede pública de telecomunicacións: a rede de telecomunicacións que se utiliza, total ou parcialmente, para a prestación de servizos de telecomunicacións dispoñibles para o público.

Rede privada de telecomunicacións: a rede de telecomunicacións que se utiliza para a prestación de servizos de telecomunicacións non dispoñibles para o público.

Servizos de telecomunicacións: servizos cunha prestación que consiste, na súa totalidade ou en parte, na transmisión e conducción de sinais polas redes de telecomunicacións con excepción da radiodifusión e a televisión.

Servizo de telefonía dispoñible ó público: a explotación comercial para o público do transporte directo e da conmutación da voz en tempo real con orixe e destino nunha rede pública conmutada de telecomunicacións entre usuarios, de terminais tanto fixos como móbiles.

Requisitos esenciais: os motivos de interese público e de natureza non económica que leven a impoñer condicións ó establecemento ou ó funcionamento das redes públicas de telecomunicacións ou ós servizos de telecomunicacións dispoñibles ó público. Os ditos motivos son a seguridade no funcionamento da rede, o mantemento da súa integridade e, nos casos en que estea xustificado, a interoperabilidade dos servizos, a protección dos datos, a protección do medio ambiente e o cumprimento dos obxectivos urbanísticos, o uso eficaz do espectro de frecuencias e a necesidade de evitar

interferencias prexudiciais entre os sistemas de telecomunicacións de tipo radio e outros sistemas técnicos de tipo espacial ou terrestres.

A protección dos datos poderá incluí-la dos persoais e a dos que afecten a intimidade e a obriga de confidencialidade respecto da información transmitida ou almacenada.

Dereitos especiais: os dereitos concedidos a un número limitado de empresas por medio dun instrumento legal, regulamentario ou administrativo que, nunha determinada zona xeográfica:

a) Limiten a dous ou máis o número de tales empresas conforme a criterios que non sexan obxectivos, proporcionais e non discriminatorios.

b) Permitan, conforme a tales criterios, a varias empresas que compitan entre si; ou

c) Recoñezan a unha empresa ou a varias, consonte os citados criterios, vantaxes legais ou regulamentarias que dificulten gravemente a capacidade doutra para importar, comercializar, conectar, poñer en servizo ou a mesma zona xeográfica e nunhas condicións basicamente similares.

Dereitos exclusivos: os dereitos concedidos a un ou varios organismos públicos ou privados mediante calquera instrumento legal, regulamentario ou administrativo que lles reserve a prestación dun servizo ou a explotación dunha actividade determinada.

Interconexión: a conexión física e funcional das redes de telecomunicacións utilizadas polo mesmo ou diferentes operadores, de maneira que os usuarios poidan comunicarse entre si ou acceder ós servizos dos diferentes operadores. Estes servizos poden ser subministrados polos ditos operadores ou por outros que teñan acceso á rede.

A interconexión comprende, así mesmo, os servizos de acceso á rede subministrados co mesmo fin, polos titulares de redes públicas de telecomunicacións ós operadores de servizos telefónicos dispoñibles ó público.

Punto de terminación da rede: conxunto de conexións físicas ou radioeléctricas e as súas especificacións técnicas de acceso, que forman parte da rede pública e que son necesarias para ter acceso a esta e ós servizos que a utilizan como soporte. O punto de terminación de rede é aquel no que terminan as obrigas dos operadores de redes e servizos e ó que poden conectarse os equipos terminais de telecomunicacións.

Dominio público radioeléctrico: é o espazo polo que poden propagarse as ondas radioeléctricas.

Interferencia prexudicial: interferencia que compromete o funcionamento dun servizo de radionavegación ou doutros servizos de seguridade, ou que degrada gravemente, interrompe repetidamente ou impide o funcionamento dun servizo de radiocomunicación, explotado de acordo co Regulamento de Radiocomunicacións da Unión Internacional de Telecomunicacións.

Equipo terminal: equipo destinado a ser conectado a unha rede pública de telecomunicacións, isto é, a estar conectado directamente ós puntos de terminación daquela ou interfuncionar, ó seu través, con obxecto de enviar, procesar ou recibir información.

Especificación técnica: a especificación que figura nun documento que define as características necesarias dun produto, tales como os niveis de calidade ou as propiedades do seu uso, a seguridade, as dimensións, os símbolos, as probas e os métodos de proba, o empaquetado, a marcase e a etiquetaxe. Inclúense dentro da citada categoría, as normas aplicables ó produto no que se refire á terminoloxía.

Espazo público de numeración: o conxunto de recursos numéricos e alfanuméricos necesarios para a prestación de determinados servizos de telecomunicacións.

Usuarios: os suxeitos, incluídas as persoas físicas e xurídicas, que utilizan ou solicitan os servizos de telecomunicacións dispoñibles para o público.

Rede de acceso: é o conxunto de elementos que permiten conectar a cada abonado coa central local da que depende. Está constituída polos elementos que lle proporcionan ó abonado a disposición permanente dunha conexión desde o punto de terminación da rede, ata a central local, incluíndo os de planta exterior e os específicos.

Déficit de acceso: é a parte dos custos da rede de acceso non cubertos cos ingresos derivados da súa explotación.

10047 *LEI 12/1998, do 28 de abril, pola que se modifica a Lei 13/1994, do 1 de xuño, de Autonomía do Banco de España.* («BOE» 102, de 29-4-1998.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que esta lei viren e entenderen. Que as Cortes Xerais aprobaron e Eu sanciono a seguinte Lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 13/1994, do 1 de xuño, adiantou a adaptación do estatuto xurídico do Banco de España ó disposto no Tratado da Unión Europea, outorgándolle un réxime de plena autonomía no desenvolvemento e execución da política monetaria co último obxectivo de conseguirla estabilidade de prezos.

A Lei 66/1997, do 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e da Orde Social, na súa disposición adicional vixésimo cuarta incorporou ó ordenamento xurídico español tódolos requisitos de independencia do Banco de España esixidos polo artigo 107 do Tratado da Comunidade Europea.

Non obstante, cómpre modifica-la Lei 13/1994, de Autonomía do Banco de España, para asegura-la plena integración do Banco de España no Sistema Europeo de Bancos Centrais, principio informador básico da institución na terceira fase da Unión Económica e Monetaria.

Para darlle satisfacción a esta necesidade, a presente Lei cínxese exclusivamente a garanti-la integración do Banco de España no Sistema Europeo de Bancos Centrais, recoñecendo, entre outros extremos, as potestades do Banco Central Europeo na definición da política monetaria da área do euro —e a súa execución polo Banco de España—, e as facultades da Comunidade Europea en relación coa política de tipo de cambio.

De acordo co artigo 108 do Tratado da Comunidade Europea, a máis tardar na data de constitución do Sistema Europeo de Bancos Centrais, cada un dos Estados membros velará porque a súa lexislación nacional, incluídos os estatutos do seu Banco Central Nacional, sexa compatible co propio Tratado e cos Estatutos do Sistema Europeo de Bancos Centrais.

Artigo primeiro. *Modificacións no capítulo I da Lei de Autonomía do Banco de España.*

Introdúcense as seguintes modificacións no capítulo I da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España:

Un. O artigo 1 da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España, quedará redactado como segue: